


Cooperativismo e cultura: unha alianza necesaria

XUNTA DE GALICIA



Cooperativismo e cultura: unha alianza necesaria

Cristina González Vickberg
Marcos Lorenzo Gallego

Xunta de Galicia
Consellería de Traballo e Benestar
Dirección Xeral de Traballo e Economía Social
2015

1ª ed. 2015

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Traballo e Benestar

Dirección Xeral de Traballo e Economía Social

Subdirección Xeral de Cooperativas e Economía Social

Nova Xestión Cultural, S.L.

ÍNDICE

1. Introducción	7
2. Cultura hoxe	9
2.1. Algúns datos	9
2.2. Principais características do sector cultural	9
2.3. Dinámicas recentes	11
2.4. Entidades empresariais e profesionais da cultura en Galicia ...	11
3. O cooperativismo como fórmula de emprendemento	12
3.1. Algúns datos	13
3.2. Principais características do sector cooperativo	13
4. Boas prácticas no cooperativismo cultural	16
4.1. Enfoque metodolóxico	16
4.2. Resultados da análise	19
4.3. Aspectos máis significativos do cooperativismo cultural	46
4.4. Reflexións	47
5. Cooperativas culturais en Galicia	50
6. Outras boas prácticas	68
6.1. Iniciativas de promoción do cooperativismo en cultura	68
6.2. Experiencias de colaboración entre axentes culturais e cooperativas	73
7. Recomendacións	80
8. Agradecementos	84
 Anexos	
A. Directorio	86
B. Bibliografía	91
C. Notas metodolóxicas	95

1. Introducción

800 millóns de homes e mulleres son socios e socias de cooperativas no mundo

Este informe foi realizado por demanda da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pertencente á Consellería de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia. Nel preténdese **analizar o potencial campo de colaboración entre as empresas cooperativas e o ámbito cultural ou artístico**, e máis en concreto identificar:

- Cooperativas culturais que poidan destacar a modo de boas prácticas,
- Iniciativas públicas e privadas de fomento do cooperativismo na cultura e que teñan producido resultados destacables,
- Experiencias de colaboración comercial mutuamente beneficiosa entre artistas e cooperativas.

Ao longo do informe partimos de dúas constatacións. Por unha parte, a medranza sostida, mesmo en época de crise, na creación de novas cooperativas en Galicia, e en particular no sector da cultura. Tamén as empresas culturais (de economía social ou non) viñan crescendo ininterrompidamente nas últimas dúas décadas, sexa en número, en emprego ou en facturación, confirmando o seu papel ascendente nunha economía de servizos orientada ao coñecemento. Esa traxectoria viuse recentemente atenuada por efecto da recesión económica e outros factores que exporemos con detalle no informe.

A outra constatación é a da complementariedade do sector cultural coas fórmulas da economía social. Se o sector cultural, fortemente atomizado, pode enriquecerse coa bagaxe de xestión empresarial mancomunada do cooperativismo, este precisa das doses de innovación e creatividade que lle poden facilitar os profesionais da creación.

Con estes presupostos comezamos unha investigación na que rapidamente se manifestou unha dificultade: a da delimitación conceptual, derivada dunha casuística enorme e dispar. No traballo de campo atopamos:

- Empresas cooperativas que prestan servizos moi diversos, algún deles ligados á cultura ou ao ámbito sociocultural.
- Multitude de proxectos culturais colectivos (sexan asociacións ou baixo outras formas) inspirados nos valores do cooperativismo e que acaban por promover (ou non) entidades de economía social.
- Novas formas de concibir o traballo creativo baseadas na revolución dixital e nos seus principios (código aberto, procomún, software libre, remistura, educación expandida, etc.), que conforman unha especie de **economía social 2.0**, moi dinámica e en permanente reformulación, e que está

a dar lugar a realidades como o *coworking*, o *crowdfunding* ou as chamadas "comunidades autofinanciadas" (cooperativas de aforro e crédito informais). Algúns dos promotores en España destas propostas colaborativas son Medialab Prado, Platoniq, www.amaste.com, e en ocasións trátase de cooperativas, como Zemos 98 ou Team Lab.

- Outras iniciativas sustentadas en valores sociais pero que contribúen a alimentar unha certa confusión terminolóxica, como o "emprendemento social" (proxectos empresariais con finalidade social), a "cooperación social" (proxecto europeo Cooperland) ou mesmo o espazo de *coworking* La Cooperativa, na cidade de Cádiz, citado só a modo de anécdota significativa.

Perante esta nebulosa de iniciativas, formais e informais, dixitais ou presenciais, optamos por diferenciar entre dous modelos, o da **economía social**, entendido este no seu sentido clásico, e o da **cultura colaborativa**, ou se se prefire o formato *coop* fronte ao formato *crowd*, se ben semella que esa distinción é ociosa ou ten unha pronta caducidade cando a tendencia xeral é xustamente a contraria, a da fusión e hibridación de ambas as fórmulas (que non son dúas senón múltiples).

Algúns dos exemplos máis patentes desa converxencia encontrámoslos nas experiencias de La Tabacalera (Madrid) e de Fóra do Eixo (Brasil). La Tabacalera é un centro social autoxestionado a partir de métodos assemblearios e cooperativos, e que, entre moitas outras iniciativas, ten constituído unha cooperativa de consumo (Metabólicos). E o circuíto cultural Fóra do Eixo, de promoción de talentos emerxentes na música e nas artes, combina redes colaborativas centradas no software libre con cooperativismo, economía solidaria, troca e moeda propia. Con esa estrutura de funcionamento organiza arredor de 6.000 espectáculos anuais en 200 cidades, para unha audiencia aproximada de 8 millóns de persoas. Dispón ademais dun banco propio e dunha universidade libre.

Sirvan ambos casos para subliñar un proceso de confluencia e de contaminación mutua que se está a dar entre o mundo do cooperativismo e as novas iniciativas culturais e creativas. Non en van, ambos comparten a aposta pola participación e o traballo en rede, e a primacía da realización persoal dos seus membros sobre a xeración de beneficios.

2. Cultura hoxe

Ao longo das últimas décadas, e por mor da súa expansión industrial, a cultura tense convertido nun relevante sector de actividade económica. Baixo o paraugas do sector cultural agóchanse actividades moi heteroxéneas e dispares, sexa en termos disciplinares (artes escénicas e musicais, audiovisual, libro, bibliotecas e arquivos, patrimonio e museos) ou no relativo á cadea de valor (formación, creación, produción, distribución, exhibición, consumo e conservación).

2.1. Algúns datos¹.

Así, en 2012 había en **Galicia 5.440 empresas culturais** (101.342 en España, un 3'2% do total de empresas do Estado) e o emprego sectorial ascendía entre nós a **21.300 traballadores** (457.600 para o conxunto de España, un 2'6% do emprego total). Se comparamos estes datos cos inicios da crise económica, vemos como o número de empresas se mantivo constante ou decreceu levemente, mentres que o emprego sufriu un impacto máis acusado. En 2009 contabamos en Galicia con 5.439 empresas, e en España con 102.945. Porén, e para 2007, o emprego cultural situábase na nosa Comunidade en 23.300 persoas (un 9'4% máis que na actualidade) e en España en 556.600 (un 21'6% por riba das cifras de hoxe). Con todo, no ano 2012 o sector cultural representaba un 2'7% do PIB español, cunha facturación de 28.661 millóns de euros, o que o confirma como un dos de maior peso da economía do Estado.

Algúns dos datos máis significativos para a descrición interna do sector cultural teñen que ver co tamaño das súas empresas e co perfil dos seus traballadores. Tamén no ano 2012 e para o conxunto de España (non dispomos de datos desagregados para Galicia), un **61'5% das empresas culturais non dispuñan de asalariados**, e outro 31'1% só contaban con de 1 a 5 persoas contratadas. Polo tanto, na estrutura empresarial da cultura predominan os **autónomos e as microempresas**. No que respecta aos seus empregados, un 41'5% son mulleres e case un 64% posúe estudos superiores.

2.2. Principais características do sector cultural.

A continuación sinalamos as principais características que definen o tecido empresarial e profesional da cultura en Galicia e no seu contexto circundante:

1. **Atomización sectorial.** O sector cultural está configurado por unha densa malla de microempresas e profesionais independentes, combinado por un número moi limitado de empresas de gran dimensión e institucións que condicionan o funcionamento do mercado. A **dependencia dos fondos públicos** e a **estacionalidade** intrínseca do mercado cultural redundan nunha notable temporalidade do emprego. Con frecuencia, para os artistas e profesionais da cultura a creación é apenas unha segunda actividade e un ingreso complementario doutros que lle garanten a subsistencia. Fronte a esta situación inestable, a Unión Europea recomenda no Libro

¹ Extraídos dos Anuarios de Estatísticas Culturais do Ministerio de Cultura de España.

Verde das Industrias Creativas promover o **traballo en rede** e camiñar cara a clusterización do sector, facilitando así as economías de escala e a proxección en mercados exteriores.

2. **Difícil acceso a financiamento.** A propia natureza do traballo cultural, operando con intanxibles, xunto co imprevisible da súa demanda, dificultan o acceso a financiamento. As entidades financeiras e os analistas de riscos cualifican os proxectos culturais como actividades de alto risco. De novo a Unión Europea, mediante o seu programa Europa Creativa, propón liñas para paliar esa desvantaxe, sexa a través da formación dos mediadores bancarios ou habilitando avais públicos para a concesión de préstamos a iniciativas empresariais da cultura.
3. **A profesionalidade como reto.** Como puidemos deducir dos datos anteriores, a formación media dos traballadores do sector cultural é elevada, cunha presenza maioritaria de **persoal universitario**. Sen embargo, son numerosos os expertos que indican que aínda existe unha importante marxe de mellora en canto á formación en xestión económica que lles permita adoptar estratexias empresariais. Nos proxectos de emprendemento cultural prevalece a **gratificación persoal** sobre a xeración de beneficios. A este respecto, desde algunhas instancias avógase por unha maior integración entre as ensinanzas artísticas e as empresariais. E desde outros ámbitos propónse o fomento da **economía social** neste colectivo, dada a súa sintonía cos valores que propugna.
4. **Intensivo en traballo.** No sector cultural, ao igual que no caso de moitas cooperativas de traballo asociado, o entusiasmo e o compromiso persoal suple a falta de capital necesario para acometer proxectos de gran envergadura. O investimento preciso para crear emprego é no sector cultural, inferior á media da economía española. Ou citando unha publicación de CEPES, a patronal española da economía social, predomina "a iniciativa e capacidade de innovación sobre os activos patrimoniais".
5. **Baseado na innovación, a creatividade e o coñecemento.** Se antes mencionamos as dificultades que se derivan de traballar con intanxibles, agora debemos lembrar o papel central que os economistas lles atribúen na **xeración de valor** na sociedade actual, permitindo singularizar bens e servizos, optimizar a experiencia do consumidor e marcar novas tendencias. A este respecto cabe destacar o impacto e o efecto arrastre que a cultura ten noutros sectores como o turismo, a hostalaría, o inmobiliario, as novas tecnoloxías, etc., actuando con frecuencia como motor de desenvolvemento local e de cohesión social. E non debe esquecerse o seu vínculo directo coa propiedade intelectual, os dereitos de autor e os dereitos conexos, que nalgunhas economías occidentais supoñen a primeira industria do país (en España, un 3'5% do PIB en 2012).

2.3. Dinámicas recentes.

En toda Europa o sector cultural está a experimentar unha dobre crise. Unha que poderíamos etiquetar como **endóxena**, e que resulta do impacto da revolución dixital nos hábitos e consumos culturais da cidadanía, en forma de descargas de contidos masivas e gratuítas. Este fenómeno afectou gravemente a boa parte da industria discográfica e do cine e ameaza no horizonte ao libro e á edición.

A outra sería a crise **esóxena**, a que afecta o conxunto da actividade económica. Aínda que máis recente, está a provocar unha acusada diminución nos consumos culturais das familias, nas partidas que as empresas destinan a patrocinios e nos recursos públicos dedicados á política cultural.

As consecuencias estanse a advertir nun **cambio de modelo de negocio**, que implica un maior **achegamento aos públicos** e ás comunidades, unha menor dependencia das Administracións Públicas, ensanchar as vías de ingresos mediante a prestación de servizos para empresas non culturais, unha maior orientación a mercados e circuítos exteriores e unha plena instalación e uso das novas tecnoloxías.

Este proceso de reconversión integral está na orixe do agromar de novas fórmulas de **traballo colaborativo** na cultura que xa anticipamos na introdución deste informe e que propiciaría unha maior orientación ao emprendemento desde unha perspectiva social e unha énfase maior nas estratexias cooperativas.

2.4. Entidades empresariais e profesionais da cultura en Galicia.

As principais entidades empresariais e profesionais da cultura galega son as seguintes.

- AGADIC (políticas públicas)
- Clúster Audiovisual de Galicia
- Clúster do Produto Gráfico e do Libro Galego
- Asociación Galega de Editores
- Asociación Galega de Empresas Musicais (AGEM)
- Asociación Galega de Profesionais da Xestión Cultural (AGPXC)
- Escena Galega
- Asociación de Actores e Actrices de Galicia
- Asociación Profesional de Danza Escénica Galega (DANESGA)
- Asociación Galega de Produtores Fonográficos (AGAPHONO)
- Asociación Galega de Produtoras Independentes (AGAPI)
- Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG)
- Federación Galega de Teatro Afeccionado (FEGATEA)

3. O cooperativismo como fórmula de emprendemento

A **economía social** é o conxunto de actividades económicas ou empresariais que se basean no principio da primacía das persoas sobre o capital, o que redonda nunha xestión democrática e participativa, non xerárquica, e na promoción da solidariedade interna e para coa sociedade. Dentro da economía social caben diferentes formas xurídicas, como as cooperativas, as sociedades laborais, as mutualidades, os centros especiais de emprego, as empresas de inserción, as confrarías de pescadores, as asociacións e as fundacións. Todas elas son entidades independentes dos poderes públicos e perseguen o obxectivo de **conxugar a eficiencia económica coa responsabilidade social**.


Pola súa parte, a **cooperativa**, obxecto central deste informe, é definida pola Alianza Cooperativa Internacional (1995) como "unha asociación autónoma de persoas que se unen voluntariamente para facer fronte ás súas necesidades e aspiracións económicas, sociais e culturais comúns por medio dunha empresa de propiedade conxunta e controlada democraticamente".

Os **sete principios** que rexen as cooperativas son os de: 1) adhesión libre e voluntaria; 2) control democrático; 3) participación económica dos socios; 4) autonomía e independencia; 5) educación, capacitación e información; 6) cooperación entre cooperativas; 7) compromiso coa comunidade.

Dentro das cooperativas atopamos diversas **modalidades**. Entre aquelas que son constituídas con maior frecuencia por artistas e profesionais da cultura podemos destacar:

- Cooperativas de traballo asociado. Agrupan persoas (ao menos 3) que buscan acceder a un emprego estable. Os cooperativistas asumen a dobre condición de socio traballador, con responsabilidade tanto na xestión da empresa como no desenvolvemento do seu obxecto de actividade.
- Cooperativas de servizos. Asocian negocios autónomos coa finalidade de adquirir e/ou vender de forma conxunta bens ou servizos. Os socios poden ser persoas físicas ou xurídicas (ao menos 4).
- Cooperativas de consumo. Agrupan a familias ou persoas a título individual que queren acceder a bens ou servizos en mellores condicións das que atopan no mercado.

Outras modalidades de cooperativas que poden manter vínculo co ámbito cultural son as cooperativas de ensino, as cooperativas de crédito, as cooperativas de servizos sociais e as cooperativas de integración social.



3.1. Algúns datos.

Segundo informa CEPES, o sector da economía social facturou en España en 2013 preto de **151.000 millóns de euros**, un 4% máis que no exercicio anterior. Ese crecemento en pleno período de crise vén sustentado no feito de que **o 45% dos mozos emprendedores optan na actualidade pola creación de sociedades laborais ou cooperativas**. A contracorrente das tendencias dominantes, o 80% dos traballadores no ámbito da economía social teñen unha relación laboral indefinida, e o 49% dos postos son ocupados por mulleres.

No que respecta a Galicia, e con datos da Consellería de Traballo e Benestar, existen hoxe **1.238 cooperativas activas**, que agrupan a 90.200 persoas asociadas e 18.650 postos de traballo directos. Do total de cooperativas galegas, aproximadamente un 45% son de traballo asociado e un 30% agrarias, se ben estas últimas, polo seu maior tamaño medio, aglutinan a pouco menos da metade dos socios cooperativistas (46%) da nosa Comunidade. A facturación agregada do sector cooperativo ascendeu en 2012 a 2.435 millóns de euros.

3.2. Principais características do sector cooperativo.

O seguinte apartado está confeccionado segundo as respostas recibidas a un cuestionario remitido ás cooperativas culturais galegas, así como as opinións de expertos recollidas mediante entrevista persoal ou plasmadas en publicacións especializadas. A partir desta información, deducimos algunhas das principais fortalezas e debilidades do sector cooperativo.

Entre as **fortalezas** mencionadas, atopamos as seguintes:

- A xestión democrática das cooperativas e a corresponsabilidade dos socios supón un extra de motivación, esforzo e implicación que lle confire á empresa unha maior resistencia en épocas de crise.

- No caso das cooperativas de traballo asociado, a dobre dimensión como socio e traballador estimula a aprendizaxe constante e permite dispor dunha visión integral e enriquecedora do funcionamento da empresa.
- As cooperativas facilitan a conciliación da vida privada e laboral debido á súa flexibilidade organizativa. As normas e procedementos son acordados polas mesmas persoas que os terán que acatar ou implementar. A elevada presenza de mulleres no conxunto do sector cooperativo semella corroborar esta afirmación.
- De igual xeito, e como puidemos comprobar nos datos mencionados, os postos de traballo xerados no ámbito cooperativo adoitan ser dignos, estables e de calidade. A porcentaxe de traballadores con contratos indefinidos así o indica.
- O principio da cooperación entre cooperativas (ou intercooperación) é un valor moi apreciado que, levado á práctica, axuda á consolidación dos negocios das cooperativas e ao fortalecemento do sector no seu conxunto. En paralelo, ou como un exemplo palpable desta vía, a existencia de cooperativas de crédito é crucial para o acceso ao financiamento de numerosas iniciativas de economía social e solidaria.
- As cooperativas son empresas arraigadas no territorio, de moi difícil deslocalización, e nese sentido, contribúen ao desenvolvemento económico dos lugares nos que habitan. A aposta pola colaboración coa sociedade e o compromiso social supoñen un motivo de orgullo e identificación para os seus membros.
- As cooperativas gozan de vantaxes legais, subvencións e incentivos fiscais que facilitan a súa posta en marcha e posterior afianzamento.

E entre as **debilidades**:

- Nas cooperativas que carecen de procedementos ben perfilados, pódese xerar unha certa retardación na toma de decisións. A lóxica democrática, o intento de acadar consensos e a comunicación multidireccional repercuten nesta falta de axilidade.
- Existen estereotipos que asocian as cooperativas a sectores de actividade pouco punteiros. O descoñecemento da súa realidade inflúe en asesores económicos que desaconsellan esta fórmula empresarial a novos emprendedores.
- Derivado do punto anterior, pero tamén motivado pola responsabilidade limitada dos socios (non responden co seu patrimonio persoal polas perdas da empresa), é habitual que as cooperativas se vexan excluídas do circuíto de financiamento da banca convencional.

- Con frecuencia existe nas cooperativas un déficit de formación en xestión económica que dificulta a súa capacidade de innovación, é dicir, de transformar en valor económico a creatividade do grupo.
- Do mesmo xeito que as cooperativas son beneficiarias de certas vantaxes legais, tamén posúen limitacións das que carecen outros modelos empresariais, como no caso da contratación de persoal asalariado, que está regulado e acoutado por lei. Esta limitación forma parte intrínseca dos fundamentos da economía social, como garante de acceso das persoas ao emprego e de cara a evitar a subordinación do traballo ao capital.

Recapitulando o exposto ao longo deste apartado, podemos dicir que o cooperativismo é unha fórmula en expansión nun contexto recesivo, un modelo de xestión empresarial que se centra nas persoas e no compromiso coa comunidade, e que por tanto permite acceder a postos de traballo estables e participar en proxectos socialmente útiles e satisfactorios, pero que ao tempo precisaría dun maior grao de formación en xestión económica e cultura organizativa, e en ocasións, de maiores doses de innovación.


4. Boas prácticas no cooperativismo cultural

4.1. Enfoque metodolóxico

Neste apartado descríbense os traballos realizados para obter os resultados que se amosan neste documento. En primeiro lugar, é preciso resaltar que o presente informe non pretende ser un estudo de todas as experiencias cooperativistas no tecido cultural que hai a nivel internacional, a modo de directorio. Tampouco pretende abarcar todos os matices, casuísticas, temáticas que poden formar parte do concepto "cultura". Por iso, vese preciso aclarar e delimitar o que se teñen considerado como "sectores culturais" neste estudio, e entendendo e aceptando que cultura é un concepto moi amplo, transversal e ata multidisciplinar (ver apartado "segmentación").

O que se pretende neste documento **é amosar experiencias cooperativistas desenvolvidas no eido cultural** que son ou poden ser interesantes e inspiradoras para aquelas persoas e entidades que barallan a fórmula cooperativa como opción para levar a cabo os seus proxectos.

Para a realización do estudo abordáronse as seguintes **fases**:



1. Busca de información

Este traballo supuxo:

- Realización de entrevistas e contactos con axentes de renome nos eidos cooperativo e cultural a nivel galego, estatal e internacional.
- Envío de cuestionarios a cooperativas culturais galegas.
- Contacto directo con cooperativas culturais a nivel galego, estatal e internacional.

- Análise de fontes bibliográficas (ver anexo bibliografía).
- Análise de enlaces web, ben directorios e bases de datos de cooperativas, ou ben directamente webs de cooperativas culturais (ver anexo directorio).

2. Segmentación

- Xeográfica:
 - Rexións. Norteamérica, Latinoamérica, Europa, Asia.
 - Países.
 - Comunidades autónomas.
 - Vilas.
- Sectorial: artes escénicas, xestión cultural, artes plásticas, audiovisual, libro e editorial, patrimonio, xestión cultural, moda e deseño e sociocultural.
- Tipoloxía de cooperativa: traballo asociado, servizos, consumidores e usuarios, impulso empresarial, turismo.

3. Que é boa práctica: criterios

Para a elaboración da seguinte listaxe combinamos unha serie de criterios, de forma que a mostra resultante fose diversa, plural e significativa da rica casuística que encontramos no cooperativismo cultural. Así, guiámonos polos criterios de:

- **Orixinalidade e innovación.** Iniciativa diferenciadora tanto en contido como en formato, que aposta por novos modelos de traballo, novas metodoloxías, novos servizos, que aporta valor para os seus membros, etc.
- **Magnitude,** en termos de persoas implicadas, facturación, expansión internacional, relevancia para o desenvolvemento territorial, etc.
- **Resolutiva:** experiencias onde grazas á creación dunha cooperativa cultural se observou unha mellora dunha situación inicial mellorable (espazo en abandono, situación social conflitiva ou problemática, necesidade de mellora na xestión dun proxecto, etc).
- **Prestixio, antigüidade e calidade.** Existen varias cooperativas que levan moitos anos en funcionamento e cunha traxectoria que lles permite ser referencia non só no sector cooperativo, senón no eido socioeconómico en xeral.

Estes criterios son os que se teñen identificado para resaltar aquelas cooperativas que poden ser exemplo e referencia para aqueles proxectos en desenvolvemento ou que xa están funcionando pero que poden adaptarse ao modelo cooperativo.

4. Obtención de resultados: creación de directorio

Os resultados obtidos da fase anterior foron plasmados nun ficheiro a modo de base de datos (pronto accesible a través da internet). A finalidade deste directorio, que conta case 200 referencias, é facilitar ao usuario información sobre experiencias de diferentes sectores, países e tipoloxías, que poidan ser de interese para os seus proxectos.

5. Selección de boas prácticas

Das referencias identificadas seleccionáronse 25 tendo en conta os criterios predefinidos. Non se trata de ser puristas e metodoloxicamente ríxidos, senón de atopar experiencias plurais realmente inspiradoras para o público. Esas boas prácticas expóñense no seguinte apartado.

4.2. Resultados da análise

Neste apartado amósanse as experiencias seleccionadas, coa información máis relevante sobre cada unha delas.

Son as seguintes:

- A OFICINA
- ABACUS COOP
- ARCHIVALIA
- Aron Theatre Co-operative Inc
- Artistas de Gaia - Cooperativa Cultural
- ÁRVORE - COOPERATIVA DE ACTIVIDADES ARTÍSTICAS
- Co-operative British Youth Film Academy (BYFA)
- COLABORABORA
- COOP CULTURE
- COOPERATIVA CULTURAL BRASILEIRA
- COOPERATIVA CULTURAL UNIVERSITÁRIA DO RIO GRANDE DO NORTE (RN)
- COOPERATIVA DE MÚSICOS UNIDOS E MÚSICOS TRABAJANDO (GRUPO MUS21)
- Cultura METROpolitana-Cultura entre líneas
- Grup Cultura 03
- Grupo Xabide S.Coop.
- JUST SEEDS
- La Comunitaria de Rivadavia
- MAGNUM PHOTOS
- MUSICOP
- PEOPLE´S BOOKS COOP
- SINFONIA MUSICISTI
- SMART-EU / SMART-IB
- SWINDON MUSIC COOPERATIVE
- TARA BOOKS
- TEATRO DEL BARRIO
- ZEMOS98

TÁBOAS COOPERATIVAS

NOME	A OFICINA		
PAÍS	PORTUGAL	REXIÓN	EUROPA
NÚMERO DE MEMBROS	40		
SECTOR	XESTIÓN CULTURAL	TIPO COOP	
WEB	http://www.aoficina.pt/		
DESCRICIÓN			

A cooperativa portuguesa A Oficina desenvolve e xestiona, entre outros proxectos, o espazo cultural Vila Flor. Un espazo que aglutina case todo o movemento cultural e creativo da vila de Guimaraes, organizando unha gran cantidade de actividades. Destaca que a súa presidencia e a súa dirección fiscal radiquen na Cámara Municipal de Guimaraes, o que na lexislación portuguesa se chama "**régie cooperativa**" (véxase o apartado sobre boas prácticas no eido lexislativo). En canto ao número de membros, cómpre sinalar que conta con máis de 40, entre xestores, produtores, actores, responsables técnicos e educadores, tratándose dunha equipa multidisciplinar e profesional.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Resulta sumamente interesante a análise das actividades que coordina a Oficina por ter sido declarada entidade de interese público, o que lle outorga a posibilidade de xestionar servizos culturais "públicos". De feito, a meirande parte da xestión e da acción cultural da cidade céntrase na actividade desenvolvida por esta entidade (festivais de jazz, teatro, música, mostras de artesanía, a residencia de artistas Centro de Criação Candoso, e un longo etcétera.).

NOME	ABACUS COOP				
PAÍS	ESPAÑA	REXIÓN	EUROPA	CAAA	CATALUÑA
NÚMERO DE MEMBROS	751.000				
SECTOR	EDITORIAL	TIPO COOP	CONSUMO		
WEB	http://abacus.coop/				
DESCRICIÓN					

No ano 1969, un grupo de mestres, pais e nais de Barcelona organízase para proveerse, nas mellores condicións de calidade e prezo, de material pedagóxico escolar especializado para a escola, a familia e o consumo cultural.

Neste sentido, pódese dicir que a cooperativa forma parte dun proceso de "renovación pedagóxica", coa implicación de diferentes membros da comunidade educativa. O proxecto medrou e agora Abacus preséntase como unha cooperativa de consumo na que os seus traballadores son simultaneamente socios. Centrando a súa actividade no eido editorial, Abacus posúe varios espazos de venda de libros e material escolar en Cataluña. Asemade, conta tamén cun sitio de venda en liña, con prezos especiais para os membros da cooperativa (da que poden formar parte escolas, provéndoas de material escolar e didáctico), que para teren esa condición precisan facer un pagamento único de 10 euros. É a maior cooperativa do Estado en termos de número de socios, con máis de 750.000 membros, todos eles con voz e voto nas asembleas.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Como organización de consumidores, a cooperativa informa, orienta e educa o consumidor mediante campañas de sensibilización, espazos na web, a edición de guías ou a colaboración en espazos literarios de mensaxes de comunicación, entre outras accións. A participación dos socios de consumo plásmase non só no acto de compra e a través dos órganos de participación e representación, senón tamén con achegas ao capital social voluntario da cooperativa ou na asistencia a todas as actividades culturais e educativas que se promoven nos establecementos. A comunidade local e a presenza nos territorios resultan fundamentais para a cooperativa, cuxos ideais transcenden os aspectos comerciais. Esta vinculación co territorio é concreta en convenios que a interrelacionan, procurando sinerxías coas entidades e os axentes sociais. A intercooperación ou cooperación entre cooperativas e outras empresas da economía social é un segundo elo do feito cooperativo que comeza cando diversas persoas cooperan entre si para crearen unha empresa cooperativa. Desde Abacus consideran que o fomento da intercooperación os axuda na renovación corporativa e no emprendemento de novas ideas, e é por iso que participa activamente en diversos proxectos e espazos, sendo membro fundador dalgunhas destas iniciativas, como é o caso do grupo cooperativo Clade.

NOME	ARCHIVALIA				
PAÍS	ESPAÑA	REXIÓN	EUROPA	CAAA	ANDALUCÍA
NÚMERO DE MEMBROS	5				
SECTOR	EDITORIAL		TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO	
WEB	http://www.archivalia.com				
DESCRICIÓN					

Archivalia presta **servizos de xestión de fondos documentais** para entidades públicas e privadas. Está formada por cinco mulleres e teñen recibido varios premios polo seu labor e experiencia empresarial. A empresa xorde tras a detección dunha necesidade nos sectores público e privado, que é a xestión da información e a documentación. Neste sentido, os servizos ofrecidos pola cooperativa categorízanse en:

- Servizos arquivísticos.
- Servizos documentais.
- Servizos bibliotecarios.
- Servizos de patrimonio cultural.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Trátase dunha experiencia destacable porque supón que cinco persoas con experiencias e formación similares poidan prestar servizos profesionais especializados e de calidade. Gañaron varios premios recoñecendo o seu labor como experiencia cooperativa.

NOME	Aron Theatre Co-operative Inc		
PAÍS	CANADÁ	REXIÓN	NORTEAMÉRICA
NÚMERO DE MEMBROS	450		
SECTOR	ARTES ESCÉNICAS	TIPO COOP	CONSUMO
WEB	http://arontheatre.com		
DESCRICIÓN			

Ficamos diante dun **cine que foi salvado do seu peche** porque un grupo de veciños decidiu darlle continuidade cun novo modelo de xestión, o cooperativista. A través dunha cooperativa de consumo, os integrantes "consumen" cine. Ten máis de 450 membros, moitos deles voluntarios, e conta con patrocinios privados de axentes locais, pero tamén co apoio de administracións públicas.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Aaron Theatre Cooperative Inc é unha experiencia máis que amosa como, a través da fórmula cooperativa, dáse continuidade a un proxecto cultural que tiña risco de morrer. Mediante a unión dos seus membros, garántese a solvencia económica da entidade, xa que son os propios cooperativistas os que, ademais de achegar cartos, consumen o "produto cultural" que crea o propio espazo; isto é, o cine.

NOME	Artistas de Gaia - Cooperativa Cultural		
PAÍS	PORTUGAL	REXIÓN	EUROPA
NÚMERO DE MEMBROS	400		
SECTOR	ARTES PLÁSTICAS	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://www.artistasdegaia.pt/		
DESCRICIÓN			

Artistas de Gaia é unha cooperativa que naceu tras unha xuntanza dun grupo de artistas da zona de Gaia, entre pintores, escultores, ceramistas e intelectuais, que decidiron crear unha institución que **defendese e incentivase a creación das artes plásticas**.

A partir dese ano, 1985, co xurdir desta Cooperativa Cultural (figura xurídica existente no regulamento das cooperativas en Portugal) téñense realizado numerosas accións, como exposicións, debates, concursos e homenaxes a grandes personaxes das artes plásticas.

Na actualidade aglutina máis de 400 artistas e a súa sede é foco da creación artística na área de Gaia e do resto de Portugal. Está estruturada nun órgano de dirección (formado por un presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e 5 vogais), unha mesa de asemblea xeral e un consello fiscal.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

A través da cooperativa, dásele visibilidade a un colectivo, o artístico, defendendo os seus intereses e servindo de plataforma de difusión da cultura portuguesa. É unha forma de visibilizar o seu traballo e de defender o sector cultural, dando unha imaxe sólida e profesional.

NOME	ÁRVORE - COOPERATIVA DE ACTIVIDADES ARTÍSTICAS		
PAÍS	PORTUGAL	REXIÓN	EUROPA
NÚMERO DE MEMBROS	1.400		
SECTOR	VARIOS	TIPO COOP	SERVIZOS
WEB	http://www.arvorecoop.pt/		
DESCRICIÓN			

Cooperativa portuguesa que se centra na divulgación das artes e na creación de pontes entre as diversas formas de expresión artística, con públicos cada vez máis amplos, así como na programación e a produción cultural. A súa forma xurídica é a de Cooperativa de Actividades Artísticas.

Cos valores da liberdade como substrato da creación artística, a solidariedade dos artistas coa comunidade e a promoción dunha rexión emprendedora, destácase como unha das cooperativas con máis traxectoria de Portugal. Foi fundada en 1963 por un grupo de artistas, escritores, arquitectos e intelectuais coa finalidade de melloraren as súas condicións de traballo.

Hoxe en día conta con 1.400 socios e 20 traballadores, e o seu orzamento, á marxe das cotas dos seus membros, depende de convenios con institucións públicas e privadas, así como de servizos prestados no eido da produción cultural, a organización de viaxes culturais e a venda de libros e outras obras artísticas.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Á parte da produción, a divulgación e a comercialización de obras artísticas e editoriais, constitúe un obxectivo de Árvore a formación e información dos cooperadores e do público en xeral nas área das Artes Visuais e dos estudos de Arte, así como noutras áreas da creación e do saber.

Viaxes culturais, lanzamento de libros, edicións especiais de obra gráfica, escultura, cerámica, álbumes, homenaxes a escritores e poetas, son contribucións de Árvore no eido cultural a prol do harmonioso desenvolvemento económico e social de Portugal.

NOME	Co-operative British Youth Film Academy (BYFA)		
PAÍS	REINO UNIDO	REXIÓN	EUROPA
NÚMERO DE MEMBROS	5 COLLEGES DE DIFERENTES REXIÓNS DO REINO UNIDO		
SECTOR	AUDIOVISUAL	TIPO COOP	SERVIZOS
WEB	http://britishyouthfilmacademy.com		
DESCRICIÓN			

Esta cooperativa nada en 2009 é unha **academia de cine para xente nova**, un espazo de achegamento entre o sector audiovisual e o colectivo xuvenil.

A través, en especial, de campamentos e obradoiros, favorécese o desenvolvemento social e ofrécense novas saídas profesionais a mozos e mozas. Realizan curtas, webs, animacións, e os alumnos acadan experiencia, habilidades e coñecementos nos diferentes procesos relativos á produción audiovisual. Na súa web pódense ver todas as películas realizadas polos alumnos.

Os seus membros son 5 institucións educativas ("colleges") de diferentes rexións do Reino Unido, que funcionan mediante asembleas rexionais. Os integrantes destas escolas poden asistir ás actividades da Academia de xeito gratuíto.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Cren na cooperación, na comunidade e na camaradaría. Diseñado para dar aos mozos (con idades entre os 14 e os 25 anos) a oportunidade de coñecer os procesos creativos de películas profesionais a través da aprendizaxe baseada en proxectos, BYFA segue unha política de 'aprender facendo', onde todo o talento pode ser cultivado e desenvolvido. Ao contrario dun set de rodaxe profesional, os mozos son capaces de faceren preguntas e cometeren erros, e vense animados a desenvólvense e a progresar, participando dunha experiencia cooperativa que involucra diversas institucións educativas, onde os alumnos son a un tempo "usuarios" da súa creación.

NOME	COLABORABORA				
PAÍS	ESPAÑA	REXIÓN	EUROPA	CAAA	EUSKADI
NÚMERO DE MEMBROS	5				
SECTOR	XESTIÓN CULTURAL	TIPO COOP	SEN ÁNIMO DE LUCRO		
WEB	http://www.colaborabora.org				
DESCRICIÓN					

Colabora é unha cooperativa sen ánimo de lucro que comezou como sociedade anónima hai 12 anos pero que, por filosofía e formato de traballo, tomou a decisión de transformar a súa forma xurídica, "abandonando o capitalismo", tal e como manifestaron ante notario no momento de redactaren a acta. Os seus proxectos gardan unha estreita relación co procomún, co código aberto e emprendemento social. Cren **nun novo modelo de emprendemento**, que non ten o capital como factor principal, con formatos colaborativos con vontade transformadora. Neste sentido, deseñan e desenvolven proxectos de dinamización social cunha gran vontade transformadora, e tendo en conta elementos como a cultura e as tecnoloxías libres.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

A súa decisión de pasaren a ser cooperativa levou máis de dous anos, tempo no que contaron co asesoramento dun consultor externo que axudou aos integrantes a definir a estrutura, as funcións, as súas responsabilidades, así como achegou os seus coñecementos no proceso de redacción de estatutos e outros elementos formais. Cómpre subliñar que este proceso resulta laborioso, pero contribúe á "profesionalización" de certos aspectos de funcionamento interno, asentando as bases dunha nova estrutura de traballo.

NOME	COOP CULTURE		
PAÍS	ITALIA	REXIÓN	EUROPA
NÚMERO DE MEMBROS	1.000		
SECTOR	PATRIMONIO	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://www.coopculture.it		
DESCRICIÓN			

Trátase da **máis grande das cooperativas que operan no patrimonio** e realizan actividades no sector cultural en Italia. É unha verdadeira "macro-empresa" da xestión cultural, con presenza en case todo o territorio italiano. Cuns 1.000 membros-emplegados, presta servizos categorizados en xestión de museos, exposicións, monumentos, bibliotecas, desenvolvemento local e servizos de seguridade de obras e espazos artísticos. Entre moitos outros, prestan o servizo de guías do Coliseo de Roma, as Termas de Caracalla ou o Palazzo Ducale de Venezia.

Empresa con gran vocación innovadora, traballa con novos soportes e ferramentas tecnolóxicas na xestión e a difusión da obra artística (apps, audioguías, etc.).

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Operan cunha óptica da integración entre bens culturais e territorio, cohesionando cultura, turismo e economía local. Ofrecen unha particular atención á comunidade territorial en todas as súas compoñentes, familia, mozos e mozas, nenos e nenas, terceira idade, comunidade inmigrante. Cren na cultura como valor para todos e todas. Consideran axiais os termos participación e experiencia para promover unha fruición ampla do patrimonio cultural no proceso de inclusión social. Están empeñados en crear un mundo responsable e sostible con valores económico-sociais.

NOME	COOPERATIVA CULTURAL BRASILEIRA		
PAÍS	BRASIL	REXIÓN	LATINOAMÉRICA
NÚMERO DE MEMBROS	6.000		
SECTOR	VARIOS	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://www.coopcultural.org.br/		
DESCRICIÓN			

Xurdida en 2004, a Cooperativa Cultural Brasileira está formada por máis de 6.000 membros. Unha nova directiva, maioritariamente feminina, procura **implicar as políticas culturais para ofrecerlles máis oportunidades aos seus actores culturais**. Tamén no seu haber cómpre mencionar a organización de cursos, seminarios e outras accións educativas, levadas a cabo por membros da cooperativa (axentes culturais e artistas) e axentes externos colaboradores. O seu principal obxectivo é dar visibilidade, estrutura e apoio aos artistas e técnicos vinculados ao eido artístico.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Contan cun "manual do cooperando" onde se trasladan os beneficios de ser membro do grupo. Destaca como alternativa para o desenvolvemento dunha economía creativa e sustentable. Nun país tan grande como Brasil, esta cooperativa favorece o traballo en rede e a interrelación dos seus membros, funcionando como nexo de unión e ofrecendo unha imaxe sólida e unida do tecido cultural do país. Neste sentido, posúe un Departamento de Integración que, entre outras cousas, organiza "encontros para integracións rexionais".

NOME	COOPERATIVA CULTURAL UNIVERSITÁRIA DO RIO GRANDE DO NORTE (RN)		
PAÍS	BRASIL	REXIÓN	LATINOAMÉRICA
NÚMERO DE MEMBROS	4.170		
SECTOR	EDITORIAL	TIPO COOP	SERVIZOS
WEB	http://www.cooperativacultural.com.br		
DESCRICIÓN			

Fundada en 1977, a Cooperativa Cultural Universitária do Rio Grande do Norte é unha sociedade cooperativa para a prestación de servizos culturais, integrada por **profesores, técnicos, administrativos e alumnos da Universidade** Federal do Rio Grande do Norte (UFRN). O seu principal servizo é chegar a acordos con editoriais para a merca de libros e material para os seus membros, o que lles posibilita contar con prezos especiais. A Cooperativa Cultural Universitária do Rio Grande do Norte xestiona e mantén unha biblioteca e libraría en Natal onde se presentan libros e reciben a escritores de renome, convertíndose nun importante centro cultural ligado ao mundo universitario.

A cooperativa réxese por uns estatutos (publicados na súa web) onde se define expresamente a difusión do cooperativismo como un dos seus obxectivos.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Os seus membros benefíciense dun desconto do 15% na compra de libros e do 10% en material de papelería. Agroma como unha das boas prácticas cooperativas seleccionadas polo Goberno de Brasil para a difusión do cooperativismo no país, como exemplo de difusión da cultura a través del. A forma de entender empresa, cultura e universidade fan desta experiencia un referente a ter en conta á hora de reflexionar sobre as estruturas "tradicionais" que traballan a prol da difusión cultural.

NOME	COOPERATIVA DE MÚSICOS UNIDOS E MÚSICOS TRABAJANDO (GRUPO MUS21)				
PAÍS	ESPAÑA	REXIÓN	EUROPA	CAAA	MADRID
NÚMERO DE MEMBROS	800				
SECTOR	MÚSICA	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO		
WEB	http://www.grupomus21.com/musicos-unidos/				
DESCRIPCIÓN					

O Grupo MUS 21 é un grupo de tres cooperativas especializadas na **xestión de servizos para o sector musical**, como son facturación, xestión administrativa e laboral. Xorde como unha resposta a aqueles profesionais do eido musical (músicos e artistas) para permitirlles presentar os seus servizos de forma profesional e autónoma, cumprindo coa normativa laboral e fiscal, e contando coa correspondente cobertura social.

O grupo en total componse de 800 membros e está formado polas cooperativas Músicos Unidos e Músicos Trabajando e a Asociación MusXXI.

Para formar parte destas cooperativas é preciso darse de alta, facéndose socio, e pagar unha cota anual. As cooperativas cobran unha porcentaxe dos ingresos facturados a través delas.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Este tipo de servizo responde a unha necesidade real, decote problemática, dentro do colectivo cultural: concretar a facturación por servizos prestados. Sabido é que no tecido cultural asumir os custos de autónomos resulta difícil, polo que poder facturar a través desta fórmula é beneficioso para os membros da cooperativa.

Están en fase "beta" de desenvolvemento dun proxecto de dinamización da rede de membros das cooperativas, facilitando o traballo en liña e o acceso á información deles, o envío de mensaxes entre usuarios, bolsa de traballo, etc.

NOME	Cultura METROpolitana-Cultura entre líneas		
PAÍS	MÉXICO	REXIÓN	LATINOAMÉRICA
NÚMERO DE MEMBROS	3 SOCIOS INSTITUCIONAIS		
SECTOR	VARIOS	TIPO COOP	SD
WEB	http://www.uam.mx/video/vd_culturametropolitanainaug.html		
DESCRIPCIÓN			

Iniciativa promovida dende a Universidade Autónoma Metropolitana de México DF en colaboración co Sistema de Transporte Colectivo desta cidade, onde se desenvolven "Asaltos Artísticos" no metro.

Esta colaboración toma forma de cooperativa e ofrece espectáculos de danza, música, teatro, repartición de libros, etc., nas estacións da liña de metro. É un proxecto transformador da imaxe e o ambiente no metro da cidade, cun público de 5,3 millóns de persoas diarias, ao longo de 45 estacións, e cun orzamento de 225.000 euros.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Non existe moita información deste proxecto por ser de recente creación, pero a súa vocación transformadora e que implica a participación de numerosos artistas nunha contorna diferente faina inspiradora. O feito de que sexan institucións públicas "non culturais" as que favorezan e impulsen este proceso tamén a fai interesante; unha verdadeira experiencia de colaboración e transformación dende os poderes públicos a través da cultura.

NOME	Grup Cultura 03				
PAÍS	ESPAÑA	REXIÓN	EUROPA	CAAA	CATALUÑA
NÚMERO DE MEMBROS					
SECTOR	EDITORIAL	TIPO COOP	sd		
WEB	http://www.cultura03.com				
DESCRICIÓN					

Grup Cultura 03 é un dos poucos **grupos cooperativos** que agrupa a varias empresas cooperativas que traballan o sector da industria cultural e a comunicación (editorial, edición de revistas e publicacións periódicas e produtora audiovisual). Centran o seu labor en Cataluña, xa que nace do convencemento de que é imprescindible para o futuro da cultura catalana e para o futuro de Cataluña unha industria cultural sólida, independente e cunha clara vocación de servizo á sociedade.

As empresas (cooperativas) membro son: ARA (Editorial e xeración de contidos), BATBAT (audiovisual), CONTRAPUNT (prensa gratuíta e medios dixitais), NOVA2003 (xestión) e SÀPIENS PUBLICACIONS (produtos culturais para revistas). Consideran a industria cultural como a industria pesada do século XXI, non pola súa importancia potencial sobre o PIB senón pola súa capacidade de crear imaxinarios e cohesionar espazos de comunicación.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

O Grup Cultura 03 traballa con ambición cara a creación dunha industria cultural líder e moderna, á altura dos grupos multimedia de referencia arredor do mundo. Integran os valores cooperativistas dentro da súa visión e filosofía, imprescindible parte integrante da súa estratexia empresarial. Arelan ser un referente neste eido, e cren na cultura como motor de crecemento e factor de cambio, e no formato cooperativo como unha alternativa real aos modelos "tradicionais" de empresa. Entre os obxectivos establecidos na súa misión, destaca "converterse no primeiro grupo privado editorial e de comunicación no eido catalán, por volume de negocio".

NOME	Grupo Xabide S.Coop.				
PAÍS	ESPAÑA	REXIÓN	EUROPA	CAAA	EUSKADI
NÚMERO DE MEMBROS					
SECTOR	XESTIÓN CULTURAL		TIPO COOP		
WEB	http://www.grupoxabide.com				
DESCRICIÓN					

Dedicado á consultoría e á xestión de proxectos culturais dende o punto de vista da sostibilidade, o Grupo Xabide é unha das entidades cooperativas con máis longa traxectoria no ámbito cultural, sendo un referente para moitas outras. Está formado por tres sociedades limitadas: Atelier (deseño e xestión de proxectos), Fideliza (centrada na comunicación e nos eventos) e Xabide, S.L. (xestión e organización de equipamentos culturais e museísticas). Cun camiño percorrido de case 30 anos, leva acumulados máis de 2.000 proxectos e é socio de diversas institucións públicas e privadas relacionadas coa cultura e a innovación.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Definen a súa misión como a xeración de espazos de relación entre persoas e ideas dende o punto de vista da sostibilidade. O formato cooperativo posibilitoulles un vínculo moi estreito co grupo Mondragón e, neste sentido, foron promotores de verdadeiras relacións arte-empresa, co coñecido proxecto Disonancias, onde se promovían novos modelos de traballo, relación e transformación entre o tecido empresarial e o artístico.

NOME	JUST SEEDS		
PAÍS	ESTADOS UNIDOS	REXIÓN	NORTEAMÉRICA
NÚMERO DE MEMBROS	24		
SECTOR	ARTES PLÁSTICAS	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://justseeds.org/		
DESCRICIÓN			

Just Seeds confórmana 24 artistas de Estados Unidos, Canadá e México que traballan conxuntamente en proxectos de transformación social baseados nas artes gráficas, a arte urbana e o deseño.

O proxecto comezou como unha experiencia dun grupo de amigos con intereses comúns que nun principio pensaban en crear un **proxecto de distribución de creacións gráficas**; pero co paso do tempo viron no cooperativismo unha forma de desenvolvemento tanto persoal (respectando as identidades e formas de expresión individuais de cada un dos seus membros) como colectivo (desenvolvendo proxectos conxuntos); e sempre cun fío condutor que é o espírito crítico a través da creatividade.

A súa web é un verdadeiro escaparate das súas creacións artísticas, así como a presentación de cada un dos seus membros, cada un cun estilo e personalidade diferentes. Ademais, pódense facer compras en liña a prezos moi interesantes.

Contan cun espazo onde se almacenan e distribúen as creacións postas á venda, e xestionada por dous dos membros da cooperativa.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Cren no poder transformador da expresión persoal en concerto coa acción colectiva. Con este fin, producen portafolios colectivos, contribúen con traballos gráficos a movementos e loitas sociais de base na súa procura da xustiza, traballan de maneira colaborativa dentro e fóra da cooperativa, construíndo grandes instalacións en galerías, pegando cartaces nas rúas, ofrecendo apoio mutuo. A cooperativa permítelles transmitir unha "mensaxe" de forma conxunta, á vez que lles posibilita, a cada un dos seus membros, aínda que cunha plataforma colectiva, respectar a súa identidade persoal como creador/a, prestando servizos profesionais, tanto individuais como conxuntos.

NOME	La Comunitaria de Rivadavia		
PAÍS	ARXENTINA	REXIÓN	LATINOAMÉRICA
NÚMERO DE MEMBROS	200		
SECTOR	ARTES ESCÉNICAS	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB			
DESCRICIÓN			

O teatro comunitario de Rivadavia é unha experiencia de **cultura comunitaria** que se realiza desde o 2006 neste distrito da provincia de Bos Aires. Trátase dun formado por 200 veciños-actores de diversos lugares de Rivadavia: González Moreno (2000 hab.), América (13000 hab), Sansinena (630 hab), Roosevelt (200 hab.), Fortín Olavarría (1200 hab.) e San Mauricio (15 hab). Dende o 2011 a súa figura legal é Cooperativa La Comunitaria de Rivadavia de Provisión de Servicios Culturales y Sociales. O seu é un proceso de traballo que comportou repensar e resignificar a conformación identitaria do Partido de Rivadavia (de 6 localidades e 7 paraxes rurais). Buscan a través do teatro xerar lazos de integración entre as localidades do partido e achegar o teatro a moitos veciños e veciñas que necesitan expresar as súas necesidades e desprezar as súas potencialidades, tarefa que veñen realizando dende hai máis de 7 anos.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Toda a súa actividade é o factor diferencial: ser un proxecto de participación e implicación social baseado no teatro amateur, comunitario e veciñal, que pón en valor a contorna e favorece a colaboración veciñal. Ficamos diante dunha iniciativa de transformación social onde pobos antes incomunidades e illados fisicamente, pasaron a formar parte dun proxecto conxunto; mediante a participación veciñal e outras formas de expresión (teatro), fóronse establecendo actividades complementarias: obradoiros de escenografía, atrezzo, formación, debates,... contando coa colaboración de todos os axentes da zona: bares, bombeiros, tendas, panadeiros, etc. Deste xeito, favorecéronse e puxéronse en valor oficios asociados ás artes escénicas, sempre coa participación activa dos veciños.

NOME	MAGNUM PHOTOS		
PAÍS	ESTADOS UNIDOS	REXIÓN	NORTEAMÉRICA
NÚMERO DE MEMBROS	50		
SECTOR	AUDIOVISUAL	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://www.magnumphotos.com		
DESCRICIÓN			

Fundada por Henri Cartier Bresson e outros fotógrafos en 1947, érguese como a **maior cooperativa fotográfica do mundo**, con visibilidade dos seus membros en revistas como Times ou National Geographic. Funciona a xeito de **axencia de fotógrafos** e ten sedes en Tokio, Nova Iorque, París e Londres.

Existen dúas categorías de membros, segundo a súa traxectoria profesional, e hai un procedemento para formar parte da rede, que é moi difícil cumprir. En España, a única fotógrafa membro desta entidade é Cristina García Rodero.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Foi a primeira cooperativa de fotógrafos do planeta e era a primeira vez que unha entidade representaba e facía fronte aos dereitos deste colectivo (en termos de propiedade intelectual, especialmente). Neste sentido, xestiona e protexe un arquivo de máis de 500.000 fotografías, nas que se describe a vida familiar, drogas, relixión, guerra, pobreza, fame, crime, políticos e famosos.

En palabras do cofundador Henri Cartier-Bresson, "Magnum é unha comunidade de pensamentos, unha cualidade humana compartida, unha curiosidade sobre o que está a pasar no mundo, un respecto polo que está a suceder, e un desexo de transcribilo visualmente."

Posuída polos propios fotógrafos, Magnum ten incluído reporteiros gráficos procedentes de toda a xeografía do globo e posibilitou que os fotoxornalistas documentasen moitos dos feitos máis importantes da historia do século XX. Neste sentido, a fórmula de Magnum facilitou o asentamento e a protección dun colectivo artístico, agromando co tempo un renome e un prestixio asociado á marca.

NOME	MUSICOP				
PAÍS	ESPAÑA	REXIÓN	EUROPA	CAAA	CATALUÑA
NÚMERO DE MEMBROS	30				
SECTOR	MÚSICA	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO		
WEB	http://www.musicop.cat/				
DESCRICIÓN					

Musicop dedícase ao deseño e á xestión de proxectos educativos, sociais e culturais relacionados coa música. Son das poucas iniciativas que expoñen a súa "condición cooperativista" dunha forma directa e clara na súa web, formando parte da súa identidade e filosofía de empresa. Conta cuns 30 socios e socias, a maioría deles profesores de educación musical, que apostan por novos modelos pedagóxicos na formación musical. Case todos os seus proxectos céntranse na xestión de escolas de música municipais.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

A misión da cooperativa é crear, desenvolver e xestionar proxectos educativos, sociais e culturais, con especial dedicación no ámbito musical pero sen limitacións, que poidan contribuír activamente ao desenvolvemento cultural e artístico das comunidades onde se desenvolven. Os valores cooperativos, así como o traballo en equipo, son dous dos eixos desta nova empresa, que ten unha fe cega na democratización cultural como vehículo de desenvolvemento e mellora da nosa sociedade.

NOME	PEOPLE'S BOOKS COOP		
PAÍS	ESTADOS UNIDOS	REXIÓN	NORTEAMÉRICA
NÚMERO DE MEMBROS			
SECTOR	EDITORIAL	TIPO COOP	SERVIZOS
WEB	http://www.peoplesbookscoop.org/		
DESCRICIÓN			

People's Books Coop é unha **libraría** fundada en 1974 por un home (Chris Chiu) que ao falecer en 2007 deixou un legado que os seus clientes e amigos decidiron xestionar a través dunha cooperativa para a difusión da cultura escrita a prol da comunidade; isto permitiu que o grupo pervivise tantos anos.

Os seus membros forman unha rede de traballo con outros medios: radio, cafeterías, etc., e os servizos que se ofrecen teñen sempre un compoñente social e comunitario; v.gr. un proxecto que facilita libros a prisioneiros, un servizo de voluntariado, re-mercan libros de texto a estudantes, entre outras accións. Mesmo contan cun servizo de entrega de libros a domicilio en bicicleta.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Para ser membro de People's Books Coop. págase unha cota anual de 20 dólares (ou 100 euros de por vida), o que comporta unha participación na sociedade, voz e voto nas asembleas, e descontos nos libros.

A fórmula cooperativa propiciou a continuidade dunha iniciativa cultural que ten un importante compoñente social, en mans dun colectivo que non necesariamente está formado por "xestores culturais". A cultura e a cidadanía unidas nun novo modelo de entender o emprendemento e a sociedade.

NOME	SINFONIA MUSICISTI		
PAÍS	REINO UNIDO	REXIÓN	EUROPA
NÚMERO DE MEMBROS	40		
SECTOR	MÚSICA	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://www.sinfonia-musicisti.com/		
DESCRICIÓN			

Sinfonia Musicisti é unha orquestra sinfónica que colabora coa Universidade de Northampton e a ARC, unha cooperativa de gravación musical. Esta empresa quixo promover unha experiencia piloto de formato cooperativista para o financiamento e a xestión de proxectos musicais, necendo así Sinfonia Musicisti, a única orquestra cooperativista do Reino Unido.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

A través desta fórmula, os membros da cooperativa garanten a estabilidade profesional e laboral, ofrecendo un servizo conxunto. Grazas á colaboración entre a cooperativa, a Universidade de Northampton (concretamente cos alumnos do grao de Creación de Eventos, que se encargan a modo de prácticas da organización dos concertos e da venda de entradas), e a empresa de gravación ARC (que grava e vende discos de música clásica), xorde un novo modelo de financiamento da música clásica no Reino Unido. O proxecto, porén, está aínda en fase de proba.

NOME	SMART-EU / SMART-IB				
PAÍS	ESPAÑA	REXIÓN	EUROPA	CAAA	ANDALUCÍA
NÚMERO DE MEMBROS	4.000				
SECTOR	XESTIÓN CULTURAL	TIPO COOP	COOPERATIVA DE IMPULSO EMPRESARIAL		
WEB	http://smart-eu.org/				

DESCRIPCIÓN

A maior **plataforma de artistas**, estruturada por países de Europa, facilita a xestión administrativa e legal dos seus membros. Está presente en 10 países, e en Francia, por exemplo, representa a máis de 4.500 artistas e profesionais da cultura e xestiona máis de 5.000 proxectos.

En España nace da unión de dúas cooperativas, Aura e Actúa Servicios (Andalucía). Trátase dunha cooperativa de impulso empresarial (só existen na actualidade no regulamento cooperativo andaluz) e, ademais da mera xestión, ofrece servizos de asesoramento e formación en temas administrativos.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

A diferenza doutras cooperativas "de facturación", Smart ofrece servizos financeiros de xeito que o/a socio/a poida cobrar por adiantado. A súa configuración é dobre: por unha banda observamos unha cooperativa de traballo, aquela na que un grupo de persoas físicas poñen en común o seu traballo para producir bens ou servizos para terceiros. Por outro lado, estamos diante dunha cooperativa de servizos: asocian a persoas físicas ou xurídicas, titulares dalgún dereito que leve aparelado o uso ou goce de explotacións industriais ou de servizos, e a profesionais que exerzan a súa actividade por conta propia e teñan por obxecto a realización de operacións encamiñadas ao melloramento económico e técnico das actividades profesionais ou das explotacións dos seus socios.

Os beneficios xerados pola súa actividade reinvéstense na organización co fin de ofrecer máis e mellores servizos aos socios cooperativistas. Tamén en antítese respecto doutras cooperativas "de facturación", Smart non está especializada por sectores, senón que aglutina a diferentes perfís profesionais do eido cultural, respondendo a unha necesidade deste tecido, como son a facturación e a cobertura social.

NOME	SWINDON MUSIC COOPERATIVE		
PAÍS	REINO UNIDO	REXIÓN	EUROPA
NÚMERO DE MEMBROS	50		
SECTOR	MÚSICA	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://www.swindonmusiccoop.co.uk/		
DESCRICIÓN			

Swindon Music Cooperative é un **grupo de mestres especializados** en música que ofrecen servizos de formación, titorías, obradoiros,... especialmente en centros educativos da área de Swindon (Reino Unido). Conta con 50 membros e forma parte da Swindon Music Education Partnership, un acordo asinado entre entidades musicais e educativas que garante a correcta formación musical nas escolas. Traballan ao xeito dun "directorio de profesionais da música", categorizados por especialidade musical.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Esta estratexia de traballo garante a protección dos dereitos laborais dos seus membros, e unifica a un colectivo que, de non ser pola cooperativa, semellaría disperso e vería dificultada a prestación de servizos conxuntos.

NOME	TARA BOOKS		
PAÍS	INDIA	REXIÓN	ASIA
NÚMERO DE MEMBROS	30		
SECTOR	EDITORIAL	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://www.tarabooks.com/		
DESCRICIÓN			

Tara Books é iniciativa e espazo a un tempo arredor do libro ilustrado. Está integrada por artistas, deseñadores e escritores da área de Chennai (India). O grupo comprende a profesionais de disciplinas complementarias que colaboran para **editar libros ilustrados**. Os seus membros coactúan na creación de novos títulos, na organización de eventos e obradoiros, etc. Ademais dun espazo para a presentación da cooperativa e dos seus membros, a súa web tamén é un sitio de venda en liña dos libros editados. Gañaron o Wins International Book Industry Excellence Award na London Book Fair de 2014.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Grazas á fórmula cooperativa, profesionais de diferentes disciplinas, con perfís distintos pero complementarios, poden desenvolver proxectos conxuntos de calidade, todos eles cun nexo en común: o libro ilustrado. Un servizo que non poderían prestar de maneira independente e que non lles permitiría ter a visibilidade que ten a través da cooperativa.

NOME	TEATRO DEL BARRIO				
PAÍS	ESPAÑA	REXIÓN	EUROPA	CAAA	COM. MADRID
NÚMERO DE MEMBROS					
SECTOR	ARTES ESCÉNICAS		TIPO COOP	CONSUMO	
WEB	http://teatrodelbarrio.com/what-i-do/				
DESCRICIÓN					

Trátase dunha iniciativa de transformación social baseada no teatro e cun gran compoñente de participación cidadá.

Teatro del Barrio ten unha importante ligazón co mundo universitario, xa que moitos profesores participan achegando contido e experiencia nas súas accións. As actividades que desenvolven son:

- No eido teatral: producións propias e convites de compañías externas.
- Poesía, con recitais e obradoiros.
- Obradoiros para nenos e familias: baile, danza, teatro.

Conta cunha moi activa axenda no seu espazo ubicado no centro de Madrid. Para ser membro cómpre aboar unha cota inicial de 100 euros.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Teatro del Barrio participa no movemento cidadán coa finalidade de construír outra forma de convivir, utilizando como medios a cultura e a festa, e celebrar que están imaxinando unha nova forma de convivencia, creando unha "comunidade cooperativa", o que amosa a súa verdadeira vocación cooperativista no fondo e na forma.

NOME	ZEMOS98				
PAÍS	ESPAÑA	REXIÓN	EUROPA	CAAA	ANDALUCÍA
NÚMERO DE MEMBROS					
SECTOR	XESTIÓN CULTURAL		TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO	
WEB	http://zemos98.org/				
DESCRICIÓN					

Concibido como espazo contemporáneo de debate, reflexión e intercambio, organizador do Festival Zemos98, a filosofía deste grupo achega **novos modelos de creación** no 98Lab. É unha das iniciativas culturais máis innovadoras de España, que intenta repensar e redefinir as estruturas tradicionais, deconstruíndo as mensaxes dominantes. Cren por enriba de todo na mediación tecnolóxica e tecen relacións entre as comunidades. O seu pensamento permanece sempre na educación e na comunicación audiovisual, a través de obradoiros, espazos de debate, laboratorios, etc.

QUE ACHEGA Á FÓRMULA COOPERATIVA

Son acólitos do formato cooperativo como fórmula para un novo modelo de economía social, apostando por unha cultura crítica e transformadora. O espírito cooperativo está presente en todos os seus proxectos, xa que a colaboración e o traballo en rede son fundamentais nas súas accións.

4.3. Aspectos máis significativos do cooperativismo cultural

A modo de resumen, destas e de moitas outras cooperativas culturais analizadas para a realización deste estudo, poderíase facer unha **clasificación dos tipos de servizos e oferta** prestados polas cooperativas culturais

- **Xestión de espazos:** cines, teatros, salas de exposicións, oficinas (*coworking*), residencias de artistas, etc. Neste caso, os membros da cooperativa utilizan e xestionan un espazo conxunto para a difusión da súa obra, para traballar, para utilizalo como espazo de esparexemento, etc. Unha figura habitual no mundo anglosaxón, como son as "*artists owned cooperatives*"; é algo moi similar ás cooperativas de traballo asociado, sendo os artistas donos da cooperativa, e contando cun equipo ou xestor do espazo en cuestión.
- **Xestión e distribución de recursos** (libros, material educativo, entradas, etc) para membros de cooperativas (cooperativas de consumo). Neste caso, os membros da entidade conseguen prezos máis reducidos pola merca de material, ao facelo en cantidades masivas ou acadar economías de escala na súa xestión.
- **Plataformas** para difusión de arte e cultura, a modo de "*lobby*" e banco de recursos. A unión de artistas nunha cooperativa permite visibilizar e difundir ás súas creacións, traballando como colectivo e "sector"; desta forma, deféndense e conséguese intereses comúns.
- **Venda e distribución de creacións e produtos culturais e artísticos:** pintura, escultura, libros, fotografía, moda, etc. Moitos artistas únense en cooperativas para, ademais de difundir as súas obras, vendelas. Nese sentido, utilizan as súas webs para crear espazos de venda en liña.
- **Educación cultural** (obradoiros, charlas, escolas musicais, visitas guiadas, didáctica, etc). Neste eido, hai que destacar a estreita relación entre cultura e educación, máis aló da animación socio-cultural. Existen cooperativas que, ben como servizo exclusivo ou ben como complemento á súa actividade habitual, realizan actividades didácticas e educativas, especialmente orientadas ao colectivo infantil.
- **Deseño e xestión de proxectos culturais:** consultoría, eventos, formación, asesoramento, etc. Neste caso, as cooperativas están formadas por profesionais de diferentes disciplinas que prestan servizos "intanxibles" pero dun elevado valor engadido. Estes servizos poden estar especializados (patrimonio, historia, arte, etc) ou ser de corte máis xeralista, ofrecendo servizos de xestión integral.
- **Librarías e editoriais.** [Neste caso, non se trata de cooperativas de consumo (onde os membros da cooperativa únense para mercar libros), senón xeralmente cooperativas de traballo asociado

onde os seus membros xestionan un espazo físico ou virtual para a venda de libros e/ou para a súa edición.

- **Orquestras e grupos musicais.** Ao igual que no caso anterior, os músicos únense para compoñer e interpretar. Moitas veces esta actividade complementábase con outro tipo de accións, como obradoiros, formación, etc.
- **Traballos artísticos e creativos:** pintura, fotografía, vídeo, animación, vestiario, animación, circo, comunicación, arquitectura, servizos audiovisuais e márketing, etc., ofrecidos ben de forma conxunta ou ben especializados por áreas.
- **Xestión administrativa e legal** de axentes culturais: altas e baixas na Seguridade Social, servizos financeiros, facturación, asesoramento legal, seguro de responsabilidade civil, avais, etc. (ás veces chamadas "cooperativas de facturación").

4.4. Reflexións

De seguido rematamos este estudo cunha serie de reflexións que resumen o analizado nel.

A cooperativa non como solución, pero si como alternativa

En tempos de cambio, non é doado atopar solucións, pero si é necesario analizar alternativas e repensar os modelos e estruturas tradicionais. O modelo cooperativo, en xeral, aposta por outros valores e outras formas de relacións humanas e empresariais baseadas na colaboración e a cooperación. Un enfoque necesario para unha maior "humanidade" no sistema socioeconómico actual, e se temos en conta correntes moi en boga hoxe en día como a do ben común. Unha nova teoría do valor é posible.

Neste sentido, si é preciso enfatizar na difusión deste modelo non só no tecido empresarial e cultural, senón entre as novas xeracións, en escolas e espazos de formación, favorecendo unha nova canteira de emprendedores sociais. A consigna "ceteris paribus, buscando a empresa o máximo beneficio", tan repetida en escolas de ciencias empresariais, pode variar...

Cooperativas para a cultura

A particular estrutura e funcionamento tradicional da cultura acude en moitas ocasións a fórmulas cooperativas para cubrir as súas necesidades e requerimentos á hora de prestar servizos e desenvolver proxectos: cobertura social, facturación, etc. Neste sentido, esta visión "utilitarista" do modelo cooperativo, aínda que é moitas veces necesaria, non debería ser a única.

As cooperativas non culturais poden cubrir e contribuír á profesionalización do sector cultural, como provedor e como cliente, se pensamos en termos mercantilistas. As cooperativas son un aliado máis que se debe ter en conta, que favorece novas formas de relacións, novos valores á hora de emprender e entender o sistema socioeconómico. Neste sentido, o tecido cultural, que en tantas ocasións cuestiona o tecido empresarial tradicional, pode atopar no sector cooperativo un espello no que reflexarse, un aliado no que apoiarse e un modelo a seguir...

Cultura para as cooperativas

A cultura é un factor diferenciador e favorecedor de procesos de innovación. Este é un feito que moitos estudos teñen analizado e constatado, e existen moitas experiencias que así o avalan.

Neste sentido, modelos como o "Arts and Business" (Reino Unido) ten que ter en conta o "Arts and Cooperatives" como ferramenta de transformación e diferenciación. Por iso cómpre favorecer mecanismos de achegamento da cultura ao tecido cooperativo, en termos de quen forma parte do

tecido cultural e que pode dar. A cultura e a creatividade como elementos fundamentais nesa nova cadea do valor no modelo cooperativo é unha análise importante que é preciso realizar.

As cooperativas na cultura: cooperativismo cultural

A profesionalización da cultura pasa polo formato cooperativo como modelo, por varios factores:

- Porque favorece mecanismos de colaboración entre persoas e entidades; neste sentido, a unión fai a forza e contribúe a unha maior visibilidade do sector e crea comunidade.
- Porque é un factor diferenciador con respecto a outras entidades ou modelos de emprendemento, que propicia mecanismos de innovación social e incorpora valores moi necesarios no sistema socioeconómico actual.
- Porque asenta e dignifica o traballo profesional agora desenvolvido por axentes que, ou ben traballan por conta propia de forma irregular ou por entidades sen ánimo de lucro pero que ben poderían prestar servizos de forma estable.
- Ademáis da visibilidade do sector, permite e favorece a difusión da creación e dos servizos culturais existentes na actualidade.
- Porque permite compartir recursos, aforrando custos e creando economías de escala.
- Porque permite o acceso a axudas e convocatorias públicas.

5. Cooperativas culturais en Galicia

Na actualidade dispomos dun conxunto de cooperativas culturais en Galicia que se ocupan de actividades moi diversas en todas as ramas das artes e a creación, e que nos últimos anos rexistraron un notable ascenso en canto ao seu número e á diversificación dos seus perfís. Damos conta da súa realidade no seguinte apartado.

Son as seguintes:

- AILALELO
- CESTOLA NA CACHOLA
- CONSERVATORIO HISTORICO DE SANTIAGO
- COOPERATIVA DE CINE Y DOCUMENTAL
- CULTURACTIVA
- DALLEQUEDALLE COWORKNG
- EDITORIAL TRYMAR
- HÁBITAT SOCIAL
- MaOs INNOVACIÓN SOCIAL
- MELANDRAINAS CREATIVA
- NUMAX
- O CABLE INGLES
- SONAXE
- TEIXUGO
- TRESPÉS
- URDIME

TÁBOAS COOPERATIVAS GALEGAS

NOME	AILALELO		
NÚMERO DE MEMBROS	4		
SECTOR	DESEÑO	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://ailalelo.com/		

DESCRIPCIÓN

Empresa de deseño e creatividade creada en 2012 e formada por 4 profesionais especializados en diferentes disciplinas: deseño gráfico, desenvolvemento, programación e xestión. Disciplinas totalmente complementarias entre si que lles permiten ofrecer os seguintes servizos: deseño e programación web, aplicacións para móbiles, ilustración, deseño gráfico para empresas, etc.

VALOR COOPERATIVO DIFERENCIADOR

A elección desta forma xurídica responde a cuestións de principios e forma de entender o traballo e a xestión. Tal e como afirman eles mesmos, non podería existir Ailalelo se faltase algún dos seus membros, perdería toda a esencia da cooperativa. Con funcións e roles claramente delimitados, todos son igual de importantes e imprescindibles, e por iso pensan que a cooperativa é a única forma que entende este concepto.

NOME	CESTOLA NA CACHOLA		
NÚMERO DE MEMBROS	4		
SECTOR	VARIOS	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://www.cestolanacachola.org/		
DESCRIPCIÓN			

En CESTOLA na CACHOLA apostaron por traballar naquilo que máis lles gusta e non que cren que mellor saben facer. CESTOLA na CACHOLA: un proxecto de autoemprego no que desenvolven servizos a medida arredor da economía social, o fomento do consumo responsable e a creación de proxectos sociais e culturais. **Formación no eido do cooperativismo e a economía social-solidaria:** Obradoiros e sesións temáticas; Unidades didácticas e módulos formativos; Formación-divulgación sobre consumo responsable. **Dinamización participativa e acompañamento:** Creacións de plans estratéxicos, plans de viabilidade, documentos base para pemes e organizacións; Elaboración de estudos temáticos: investigación, divulgación, guías e outros recursos; Organización de equipos de traballo. **Deseño:** logos, imaxes de marca, imaxes corporativas, debuxos, imaxes promocionais, Exposicións: organizan e se integran en exposicións e eventos en espazos alleos.

VALOR COOPERATIVO DIFERENCIADOR

Esta iniciativa ten moi presente o principio dunha economía ao servizo das persoas e non ao revés. Neste sentido, o ser unha cooperativa, ademáis de permitir facer o que lles gusta, favorece un modelo de economía social.

NOME	CONSERVATORIO HISTÓRICO DE SANTIAGO		
NÚMERO DE MEMBROS	14		
SECTOR	MÚSICA	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://www.conservatoriodesantiago.com/		
DESCRIPCIÓN			

Escola de música e actividades relacionadas con esta disciplina, especialmente orientadas ao público infantil. Todos os profesores e profesoras son membros cooperativistas. Coa intención de completar no centro educativo a atención musical ao ciclo vital, en marzo de 2012 nace "**SONSeBEBÉS**", actividade de estimulación temperá conxugando aprendizaxe, emoción e humor. Ofrecen diferentes grupos desde o embarazo ata os tres anos. No **Conservatorio Infantil** (de 3 a 7 anos) as crianzas e os xogos son os protagonistas de todo un labor encamiñado a educar os pequenos NA MÚSICA e ATRAVÉS DELA. **Grao elemental (ensino oficial)** consta de catro cursos aos que se accede mediante unha proba de aptitude. As materias correspondentes a grao elemental son: Linguaxe Musical: onde se imparte coñecementos de Ritmo, Entoación, Teoría e Ditado. Educación Auditiva e Vocal e Instrumento. **Grao profesional (ensino oficial)** consta de seis cursos aos que se accede mediante unha proba de acceso. **Escola de adultos:** Todos teñen dereito, independentemente da idade, a crecer en coñecementos, ampliar as nosas habilidades, seguir sendo estudante ou empezar a selo. Por isto, no Conservatorio Histórico estenden a aprendizaxe musical a todo o ciclo vital aínda que con distinta intensidade e con diferentes metodoloxías de ensinanza adaptadas a distintos obxectivos e formas de adquisición de coñecementos.

VALOR COOPERATIVO DIFERENCIADOR

Esta escola permite aos seus membros tomar decisións de forma democrática e xerar espírito de equipo pola súa forma de funcionar cooperativa. Permítelles, ademais, seguir sendo músicos, ademais de profesores, polo que é unha das mellores formas de realización persoal e profesional. O apoio institucional é unha variable importante para esta consagrada institución galega.

NOME	COOPERATIVA DE CINE Y DOCUMENTAL		
NÚMERO DE MEMBROS	3		
SECTOR	AUDIOVISUAL	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://www.cooperativadecine.com/		
DESCRIPCIÓN			

Producción audiovisual de carácter independente, especializada nos diferentes eidos relacionados con este traballo: escritura de guiión, creación de *storyboards*, busca de localizacións, xefatura de produción, dirección ou edición. Ven de gañar o premio aos Valores Cooperativos entregados polo Consello Galego de Cooperativas no ano 2014. Cooperativa de Cine y Documental, S. Coop. Galega é unha produtora audiovisual constituída en xullo de 2010. Contan cunha longa experiencia como técnicos audiovisuais e téñense especializado en distintas ramas do sector, desde a escritura de guiión, creación de *storyboards*, busca de localizacións, xefatura de produción, dirección ou edición. A súa experiencia tense desenvolvido ao longo de sesenta producións audiovisuais, desde longametraxes, documentais, spots ou curtametraxes. A pesar de ser unha produtora de recente creación, as súas tarefas complementáanse para apostar por iniciativas de desenvolvemento dentro da industria audiovisual e asegurar a profesionalidade do sector. **SERVIZOS:** A empresa ofrece un catálogo de servizos entre os que se atopan:

- Producción e realización cinematográfica. Longametraxes e curtametraxes de ficción e/ou documentais.
- Producción e realización de publicidade. Spots, campañas publicitarias, vídeos corporativos, *teasers* ou vídeos musicais.
- Busca de localizacións. Especializados na xestión de localizacións para todo tipo de producións.
- Realización de *storyboards*.
- Edición e postprodución.
- Servizo de oficina operativa para rodaxes na Coruña (50 m2).

VALOR COOPERATIVO DIFERENCIADOR

Son cooperativa dende os seus inicios e por tamaño e estrutura viron que era a mellor opción; dalles a oportunidade de tomar decisións de xeito democrático á vez que prestar servizos profesionais con todas as garantías legais e sociais, con eles mesmos e con terceiros. Unha das variables á hora de tomar a decisión foron os beneficios fiscais que achega o formato cooperativista.

NOME	CULTURACTIVA		
NÚMERO DE MEMBROS	8		
SECTOR	ARTES ESCÉNICAS	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://www.culturactiva.org/		
DESCRIPCIÓN			

Nacida hai once anos, é na actualidade a distribuidora líder en Galicia de teatro cómico e de rúa. Máis dun cuarto de milleiro de actuacións moveu en 2009. Tanto no ámbito galego, coma no estatal ou a nivel mundial ten proxección e presenza esta entidade. Malia cumprir once anos de vida, esta empresa non se acomoda, senón que expande o seu volume de traballo cada ano. Diversas programacións culturais para todos os petos, a distribución en exclusiva de Leo Bassi en Galicia, ser os representantes do grupo catalán La Troba Kung Fu no noso país, traer espectáculos coma os de Yllana ou Pez en Raya xunto co grande abano de artistas galegos de calidade que move, son os puntos fortes que permiten medrar vizosa a árbore Cultur@tiva. O carácter lúdico e riseiro das actividades promovidas por esta empresa toca tamén de cerca a sociedade. A solvencia de Coperactiva Cultural – Culturactiva SCG está avalada polo éxito das súas propostas. Máis de medio millón de persoas pasaron polas actuacións do Festiclown nos seus doce anos de historia e o seu paso por diferentes cidades do país. Esta é a primeira compañía estable de clown en Galicia. Grazas a distribuír os seus pases, Coperactiva Cultural – Culturactiva SCG comezou co seu labor de oficina de venda teatral á hora de confeccionar programacións culturais para concellos, entidades bancarias, asociacións veciñais, institucións públicas, festivais de teatro... ao tempo que desde os seus inicios se converteu en lanzadeira de ideas, proxectos, programacións e festivais co humor e a risa como nexo de unión.

VALOR COOPERATIVO DIFERENCIADOR

Coperactiva Cultural – Culturactiva SCG é moito máis que unha empresa de xestión cultural. Entendida a risa como linguaxe universal entre os pobos, diversos proxectos, canalizados a través de Pallasos en Rebeldía, están agora en marcha para con eles achegar solidariedade a través do humor e o teatro. O Festiclown Palestina ou as caravanas solidarias a Chiapas (México) son algúns dos máis importantes cos que colabora Coperactiva Cultural – Culturactiva SCG.

NOME	DALLEQUEDALLE COWORKNG		
NÚMERO DE MEMBROS	3		
SECTOR	COWORKING	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB			
DESCRIPCIÓN			

Dallequedalle é un espazo de *coworking* ubicado en Vilagarcía de Arousa. A empresa está constituída por tres mulleres que uniron as súas experiencias, ilusións e obxectivos nun proxecto conxunto que atende a tres elementos: sinxerxia, espazo e persoas. Como elas mesmas din, Dallequedalle é un espazo onde interaccionan e traballan persoas a través das sinerxías. Os servizos ofrecidos pola empresa son postos fixos de traballo, con conexión á internet, teléfono, taquilla e publicidade na súa web e redes sociais. Ademáis, organizan obradoiros ou sesións formativas ou dinamizadoras entre os *coworkers* e outros membros da comunidade local. Os membros do espazo teñen diferentes perfís profesionais, o que permite xerar sinerxías moi interesantes.

VALOR COOPERATIVO DIFERENCIADOR

Ser cooperativa foi unha elección que, aínda que non xurdiu de forma espontánea, acabou sendo a única que respondía ás súas necesidades e filosofía de empresa. Aínda que os comezos foron complicados por non obter moita axuda, información e receptividade (a nivel local), posteriormente, e grazas á colaboración, entre outros, de Eusumo, foron definindo o proxecto. Valores como colaboración, igualdade, compartir, propios do cooperativismo, tamén son os de Dallequedalle. En tempos de crise, de cambio, é esta forma de actuar a que permite a supervivencia, din.

NOME	EDITORIAL TRYMAR		
NÚMERO DE MEMBROS	3		
SECTOR	EDITORIAL	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://www.trymar.com/		
DESCRIPCIÓN			

O Grupo Trymar nace no ano 2000 dedicado nun primeiro momento á **edición de materiais de formación exclusivos**, convencidos da idea de que existe un lector que necesita manuais específicos para a súa formación e que non os atopa no mercado. Neste sentido, foi a primeira editorial galega dedicada íntegramente á formación de universitarios e profesionais de todo o Estado. Abrangue en primeiro lugar o mercado da Enxeñería Forestal, con manuais de formación para estudantes do segundo ciclo que, ata ese momento, no atopaban nas librarías manuais que engadisen especificamente as súas materias e necesidades concretas. Logo verían manuais de Periodismo, Filoloxía Española e orientación profesional, entre outros eidos.

Esta vocación no impediu que a Editorial Trymar entrase no ámbito puramente literario. Así, apostou fortemente no seu catálogo por obras de ficción cun marcado carácter social. Deste xeito atopou o seu lugar no campo da literatura de ficción editando autores noveles que non eran quen de encaixar no mercado editorial galego. Así nace **EDICIÓN KÉKERES**, unha liña editorial baseada na busca de novos talentos.

Non satisfeitos con este salto cualitativo, no 2003 o Grupo Editorial Trymar decide arriscarse con GAYGA EDICIÓN, unha liña máis atrevida e ousada ca anterior. Seguindo os mesmos principios de funcionamento que a súa predecesora Kékeres, Gayga Edicións atreveuse con aqueles temas e contidos máis controvertidos e actuais, sen renunciar nunca ao principio que rexe todo o funcionamento editorial: a indiscutible calidade literaria dos seus autores.

Nos últimos anos, a Editorial Trymar apostou polo labor de recuperación de autores inxustamente esquecidos. Tanto os clásicos da Literatura Española como Galega pasaron a mellorar o seu catálogo. Dentro deste labor incluíron unha liña específica de adaptacións xuvenís cun obxectivo abertamente pedagóxico cara ás novas xeracións de lectores como a tradución dos autores clásicos con vistas a dar aos libeiros e lectores un "fondo de andel" co que poder satisfacer as necesarias visitas a autores da Literatura Universal.

VALOR COOPERATIVO DIFERENCIADOR

O elemento máis valorado polos membros da cooperativa con respecto a esta fórmula é o seu funcionamento democrático, aínda que isto tamén poida ser, ás veces, complicado en termos de xestión. Pensan que o formato cooperativo é o natural da cultura, polo que elixir esta fórmula era evidente. Cren que este tipo de forma de entender o traballo lles permite ter unha visión máis a longo prazo dos proxectos, entendendo que o lucro é un elemento non tan prioritario en comparación con outras formas xurídicas. Neste sentido, cren que os proxectos cooperativos tenden a afrontar as crises mellor que outro tipo de empresas.

NOME	HÁBITAT SOCIAL		
NÚMERO DE MEMBROS	7		
SECTOR	ARQUITECTURA	TIPO COOP	
WEB	http://www.habitatsocial.coop		
DESCRIPCIÓN			

Cooperativa integrada por un grupo heteroxéneo de profesionais, esencialmente dos eidos da arquitectura, o urbanismo e as ciencias sociais, que trata de investigar e intervir na complexa realidade que habitamos. Estenden o seu labor a todas as escalas de intervención sobre o hábitat, ofrecendo servizos nos eidos do urbanismo, a arquitectura, e a intervención comunitaria. En calquera deles, o xeito de traballo baséase na creación de espazos de participación para os diferentes axentes implicados (públicos, colectivos ou privados), potenciando as sinerxías e a coordinación. No concreto, estes servizos materialízanse a través de: **Estudos e informes** -Elaboración de documentos de análise, identificación e diagnose do hábitat físico e social. -Inventariado, diagnose e propostas de uso para espazos públicos e privados. -Investigación de tipoloxías, tecnoloxías e materiais. -Simulación do comportamento enerxético de edificios en asesoramento para solucións eficientes. **Plans e proxectos** -Edificación (obra nova, rehabilitación e reformas) atendendo criterios de construción natural, arquitectura bioclimática, baixo custo... -Rexeneración urbana (mellora das condicións habitacionais en tecidos residenciais, reutilización e acondicionamento do espazo público...). -Formulación de plans de ordenación e de estudos globais de dinamización territorial. -Recuperación e dinamización rural (ecoaldeas, núcleos abandonados...). **Procesos de xestión social** -Deseño de estratexias de activación e dinamización de procesos participativos e cooperativos da cidadanía. -Deseño e xestión de plans de inclusión social. -Asesoramento en cuestións urbanísticas e técnicas. -Sensibilización en materias relacionadas co hábitat (urbanismo crítico, sostibilidade, participación cidadá...). -Dinamización de procesos de autopromoción e autoconstrución. **Aplicación de tecnoloxías construtivas** -Xestión integral de obras. -Asesoramento en procesos construtivos vinculados a intervencións sociais sobre o hábitat. -Formación en sistemas de construción natural.

VALOR COOPERATIVO DIFERENCIADOR

Asúa forma de entender a vida, a economía e as relacións humanas son factores fundamentais deste proxecto. A actitude crítica, o seu compromiso social, a súa vontade transformadora e os procesos colaborativos son eixes sobre os que se basa Hábitat Social e, nese sentido, o formato cooperativo responde perfectamente ás súas necesidades. Apostan por conxugar o compromiso persoal co profesional para procurar, dende a autoxestión e a autonomía laboral, unha sociedade máis xusta baseada no desenvolvemento comunitario equilibrado. Deste xeito, céntranse na construción social do hábitat, co obxecto de mellorar as relacións entre as persoas e destas co medio, natural ou construído. Fanno traballando coa materia física e coas dinámicas humanas, participando activamente nos procesos, coordinando os axentes implicados e potenciando o protagonismo das persoas.

NOME	MaOs INNOVACIÓN SOCIAL		
NÚMERO DE MEMBROS	3		
SECTOR	PATRIMONIO	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	www.maos.gl		
DESCRIPCIÓN			

Innovación social centrada no patrimonio material e inmaterial. O seu cometido pasa por contribuír a que o patrimonio sexa considerado como ben que repercute na creación de riqueza, tanto económica como social, dunha comunidade. As súas accións diríxense a conseguir que a sociedade galega entenda o seu patrimonio e a súa cultura como partes de si mesma, que os valore, os respecte e contribúa á súa conservación e transmisión. Para este fin, MaOs Innovación Social, Soc. Coop. Galega diseña, coordina e executa proxectos propios ou doutras entidades que se adecúen aos seus obxectivos. Todas as actividades desenvolvidas pola cooperativa pénsanse e realízanse atendendo sempre criterios de calidade, innovación e profesionalidade. Desde esta perspectiva, a súa estratexia enmárcase no fortalecemento dunha estrutura organizativa horizontal que lles permita establecer relacións laborais e humanas estables e sustentables para o desenvolvemento integral dos proxectos. A partir desta premisa consideran que a participación da comunidade e as parcerías con empresas e organizacións de intereses afíns son elementos fundamentais para o seu éxito persoal e empresarial.

VALOR COOPERATIVO DIFERENCIADOR

Estrutura horizontal e con vocación transformadora. Apostan por pequenas accións pero de gran calado social e coa finalidade de que sexan autoxestionables.

NOME	MELANDRAINAS CREATIVA		
NÚMERO DE MEMBROS	5		
SECTOR	ARTES ESCÉNICAS	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB			
DESCRIPCIÓN			

Esta empresa céntrase no eido do teatro animación, facendo escola. Crean, dirixen e manteñen grupos de teatro de todas as idades, impartindo talleres en escolas, ANPAS, entidades públicas e privadas. Cobren necesidades de lecer de xeito pedagóxico e divertido, baseado no teatro especialmente. Orientan as súas propostas principalmente ás actividades extraescolares, infantís e xuvenís, tamén organizan grupos de adultos e maiores e mesmo interxeracionais para intervir nos eventos estacionais ou festas populares. Ademais, como espazo de difusión e de representación, e de lecer, contan cun café-teatro en Arteixo.

VALOR COOPERATIVO DIFERENCIADOR

Esta cooperativa permite ás súas integrantes a súa realización persoal e profesional, unindo as súas experiencias multidisciplinares, pero complementarias. É unha saída profesioal que lles permite aproveitar os seus talentos, tomando decisións e xestionando os seus proxectos de forma democrática.

NOME	NUMAX		
NÚMERO DE MEMBROS	5		
SECTOR	AUDIOVISUAL	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://www.numax.org/		
DESCRIPCIÓN			

A máis recente incorporación ao eido do cooperativismo cultural en Galicia, Numax é un proxecto de xestión dunha sala de cinema independente, que se complementa cunha librería e un espazo-laboratorio de proxectos de carácter cinematográfico. Colaboran con outra cooperativa, Hábitat Social, para a reconversión dun espazo xa existente no centro de Santiago, e coa cal comparten filosofía e forma de entender o emprendemento. Os servizos e actividades que desenvolven neste espazo serán a difusión de novos títulos de cinema independente, e en versión orixinal, encontros entre realizadores e outros profesionais do cinema, a formación e capacitación especialmente no colectivo xuvenil, a venda de libros, así como o deseño e a produción audiovisual.

VALOR COOPERATIVO DIFERENCIADOR

O proxecto baséase na redistribución e compensación do traballo dos socios entre as súas áreas de actividade. NUMAX é unha cooperativa sen ánimo de lucro. Isto significa que se establece un tope salarial dun 50% sobre convenio; os cargos directivos non son remunerados e non existe a repartición de beneficios entre os socios. O financiamento do proxecto tamén ten un enorme compoñente cooperativo, no sentido de que se conta cun grupo de avalistas que favorecen o acceso ao crédito xestionado pola cooperativa de financiamento Coop57. En xeral, elixiuse a forma cooperativa por crer que este modelo se adapta á súa forma de entender a cultura, a economía, etc. A toma de decisións de forma democrática, a transparencia e a colaboración son, neste sentido, eixes fundamentais do proxecto.

NOME	O CABLE INGLES		
NÚMERO DE MEMBROS	4		
SECTOR	XESTIÓN CULTURAL	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://www.ocableingles.com		
DESCRIPCIÓN			

O seu obxectivo é propoñer solucións culturais á medida, capaces de integrar cantos servizos sexan necesarios para levar a bo término cada experiencia cultural. Funcionan como unha cooperativa cultural de traballo asociado, onde cada unha das socias fundadoras achega a súa experiencia nos eidos do deseño, a xestión, a produción e a comunicación; e complementan esta bagaxe coas achegas dos socios colaboradores para dar resposta a demandas máis concretas como a fotografía, o audiovisual, a ilustración, a animación, o son, a música, as artes escénicas, a pedagogía, a tradución, a interpretación, a gastronomía, a moda...

Esta estrutura permítelles ofrecer un amplo catálogo de servizos que poden ser contratados polos clientes de xeito integral ou individualizado: xestión (Deseño e implementación de proxectos culturais; Creación de ideas, contidos e experiencias culturais); produción (Concertos, festivais, exposicións, presentacións, feiras, xornadas; Xestión e contratación de artistas; Management; Programación; Produtos editoriais e audiovisuais); comunicación (Deseño e implementación de estratexias comunicativas; Deseño e xestión de Plans de Comunicación 2.0; Gabinetes de prensa de eventos e produtos culturais; Promoción e publicidade en medios; Deseño e redacción de publicacións; Guionización e realización de produtos audiovisuais; Cobertura fotográfica e audiovisual; deseño (Arte e imaxe gráfica; Deseño editorial; Imaxe corporativa; Desenvolvemento de campañas promocionais e *merchandising*; Proxectos web) Flexibilidade estrutural que lles permite ofrecer traxes culturais a medida; isto é, integrar cantos servizos sexan necesarios para levar a bo término cada experiencia cultural.

VALOR COOPERATIVO DIFERENCIADOR

O formato cooperativo lles permite tomar decisións e xestionar os seus proxectos de forma democrática, pero tamén coa flexibilidade en termos de hoarios e cargas de traballo que necesitan por querer conciliar a vida laboral e familiar. Ademáis, a posibilidade de poder acceder a axudas públicas á hora de poñer en marcha este proxecto foi un factor determinante.

NOME	SONAXE		
NÚMERO DE MEMBROS	3		
SECTOR	MÚSICA	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://sonaxe.com/		
DESCRIPCIÓN			

Son unha cooperativa de traballo asociado afincada en Boiro que desenvolve o seu labor no ámbito da música. Dividen o seu traballo en dous piares: a formación e xestión musical e edición, produción e promoción musical en Sonaxe Records. Sonaxe formación: Formación musical, xestión de escolas de música e actividades musicais. No eido da formación, en Sonaxe teñen como fin poñer ao teu servizo todas aquelas ferramentas precisas para aprender ou perfeccionar os coñecementos musicais. Tamén ofrecen servizos de xestión integral para centros de ensinanza musical. Sonaxe Records: Selo discográfico e promoción, edición e produción musical. Sonaxe Records é a parte da cooperativa que se dedica á promoción, produción e Edición Musical. A súa finalidade é poñer á disposición dos profesionais da música todas aquelas ferramentas precisas para poder levar a cabo a práctica da música dun xeito profesional.

VALOR COOPERATIVO DIFERENCIADOR

Cooperativa que cobre a formación musical dos rapaces e rapazas de Boiro, ademais de realizar obradoiros na materia, permite que tres persoas especializadas desenvolvan o seu talento de forma profesional.

NOME	TEIXUGO		
NÚMERO DE MEMBROS	3		
SECTOR	PATRIMONIO	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://teixugo.com/cms/		
DESCRIPCIÓN			

Fundada en novembro de 1999, Teixugo é unha empresa cooperativa froito do traballo en común de varios profesionais procedentes de campos como a bioloxía, a educación ambiental, maxisterio, pedagogía e o conservacionismo. O seu reto fundamental como equipo de profesionais é achegar a súa colaboración técnica nos procesos que perseguen unha relación equilibrada entre o desenvolvemento das persoas, a mellora do medio e a conservación do patrimonio. Os profesionais da cooperativa contan cunha ampla experiencia de máis de vinte anos no ámbito da educación ambiental e na xestión de distintos proxectos ambientais. Todos os seus traballos van encamiñados á concienciación e capacitación das persoas nos conceptos do desenvolvemento sostible, coñecemento e conservación do medio, así como o estudo e recuperación do noso patrimonio cultural, etnográfico e histórico. Aínda que non se consideran unha empresa "cultural", si prestan servizos relacionados coa cultura. **As súas principais liñas de traballo son:** Educación ambiental: Programas e proxectos de Educación ambiental; Creación, xestión e desenvolvemento de aulas de natureza e outros equipamentos ambientais. Turismo de natureza: Turismo ornitolóxico; Sendeirismo. Xestión ambiental: Asesoría ambiental; Informes técnicos; Plans de calidade. Interpretación do patrimonio: Creación e xestión de centros de interpretación, centros de visitantes e centros de información ao público; Deseño de itinerarios interpretativos; Formación en interpretación do patrimonio. Deseño de materiais. Formación. Actividades de lecer e tempo libre: obradoiros, campamentos ambientais, artesanía.

VALOR COOPERATIVO DIFERENCIADOR

A elección da forma cooperativa foi, dende o comezo, case "natural", non cabía outra forma por principios. Antes de ser cooperativa traballaban, aínda que de forma autónoma, seguindo a filosofía e estrutura cooperativa (toma de decisións, primar as persoas antes que o capital, etc). A fórmula cooperativista permítelles traballar con garantías ante a Administración, prestando servizos como empresa formalmente establecida.

NOME	TRESPÉS		
NÚMERO DE MEMBROS	3		
SECTOR	XESTIÓN CULTURAL	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://trespescoop.wordpress.com		
DESCRICIÓN			

A cooperativa ten por obxecto a prestación do traballo das persoas socias para producir en común bens e servizos para terceiros.

Entre os obxectivos da Cooperativa están:

- Ofrecer unha carta de servizos diversificada nos campos social, cultural e ambiental que contribúan á mellora da sociedade.
- Contribuír ao espallamento dos principios e prácticas da economía social impulsando o modelo cooperativo.
- Crear as condicións propicias para o estímulo do autoemprego entre as persoas socias da cooperativa.

VALOR COOPERATIVO DIFERENCIADOR

Constituírse como cooperativa de iniciativa social implica rachar coa lóxica mercantilista de procurar o máximo beneficio a menor custo. Consideran que os beneficios cooperativos non se poden medir en termos monetarios, senón en termos sociais e humanos. Non ter ánimo de lucro, non significa que Trespés non cobre polos seus servizos. A cooperativa conta cunha táboa de tarifas. A diferenza radica en que ese diñeiro está destinado a sufragar os custos da actividade: electricidade, auga, aluguer, internet, papelería, etc. e tamén os salarios dos socios traballadores da cooperativa.

Non ter ánimo de lucro implica unhas obrigas marcadas por lei:

Os resultados positivos que se produzan nun exercicio económico, se os houber, non poderán ser distribuídos entre as persoas socias.

As retribucións das persoas socias traballadoras non poderán superar o 150% das retribucións que, en función da actividade e categoría profesional, estableza o convenio colectivo aplicable ao persoal asalariado do sector.

As cooperativas que sexan cualificadas como sen ánimo de lucro e cumpran co disposto na lei serán consideradas polas administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia como entidade sen ánimo de lucro para todos os efectos.

En síntese, decidimos dar o paso e constituírnos como cooperativa sen ánimo de lucro para ser máis fieis aos principios da economía social e solidaria e contribuír coa nosa actividade laboral, á construción dunha nova sociedade.

cooperación

Os beneficios de Trespés non se repartirán de forma particular, senón que reverterán na sociedade mediante o apoio a proxectos sociais, novas iniciativas solidarias ou programas de cooperación ao desenvolvemento, entre outros.

NOME	URDIME		
NÚMERO DE MEMBROS	5		
SECTOR	XESTIÓN CULTURAL	TIPO COOP	TRABALLO ASOCIADO
WEB	http://www.urdime.net/		
DESCRIPCIÓN			

A URDIME nace co fin de xestionar proxectos culturais relacionados coa infancia e a xuventude. A URDIME máis importante constitúena as súas compañías. A súa confluencia no proxecto vén marcada por varios criterios definidos, entre eles os artísticos e educativos. Xuntas conforman unha marca de indentidade que pon de relevo a necesidade de ofrecer uns produtos culturais de calidade para a infancia e a xuventude. Compañías URDIME:- Teatro Ghazafellos-Babaluva teatro-Fantoches Baj-A nena e o grilo-Teatro Antroido-A casa dos xogos-Il Cirque d´amore-Raquel Queizás-A Tropa de Trapo-Os Tres TENEORES-Teatro da Semente.

Os servizos de URDIME clasifícanse en: 1- Distribución e representación de varios proxectos e compañías de artes escénicas; 2- Servizos de comunicación para o sector cultural; 3- Xestoría administrativa, especializada en cultura, coa que se ofrece cobertura fiscal, laboral e contable.; 4 - Acción cultural, formulando propostas culturais centradas na infancia e na xuventude.

VALOR COOPERATIVO DIFERENCIADOR

Se nos atemos ao significado, "URDIME" nace froito da unión das sinerxías de varios profesionais da xestión cultural, construindo pontes e camiños que xuntan coñecementos e enerxías, co fin de xestionar proxectos culturais.

A modo de resumo deste apartado, e tendo en conta as achegas de varias cooperativas culturais galegas que colaboraron neste estudo, pódese afirmar que esta fórmula é **positiva** porque:

- Permite estar dado de alta na Seguridade Social
- Da moita liberdade de organización interna á hora de rexirse.
- Os principios cooperativos están en sintonía coa cultura.
- Permite o cambio desde dentro, rompendo con dinámicas estritamente mercantilistas.
- É unha forma de compartir os riscos, beneficios e resultados da empresa de forma común. Tanto a nivel económico como legal, laboral ...
- Ten beneficios legais e fiscais.
- Favorece a toma de decisións asemblearia e igualitaria entre os socios e socias.
- É a mellor fórmula para o autoemprego e para a autoorganización e dinamización económica e social do tecido social e asociativo para o acceso a servizos e produtos culturais.
- O capital non fai diferenza á hora de tomar decisións.

6. Outras boas prácticas

6.1. INICIATIVAS DE PROMOCIÓN DO COOPERATIVISMO EN CULTURA

Ademais das boas prácticas identificadas no cooperativismo cultural, vemos preciso mencionar outro tipo de iniciativas que están a contribuír a unha maior ligazón entre o eido artístico e as empresas de economía social.

As estatísticas demostran que nos últimos anos ten medrado dun modo sostido a fórmula cooperativista no ámbito cultural, cun importante ascenso no número de cooperativas culturais, mais este incremento respondeu máis a un proceso "espontáneo" que a unha planificación meditada. **Son escasos os exemplos de estratexias de fomento do cooperativismo en cultura por parte das administracións públicas**, a pesar da vizosa evolución que exhibe. Con todo, hai experiencias meritorias que cómpre destacar e que deberan servir de inspiración e estímulo para a elaboración de políticas públicas ou para a implantación de novas liñas de traballo desde as unións de cooperativas.

Entre as iniciativas que describiremos a continuación, hainas que se centran especificamente no obxecto deste informe (cooperativas e sector cultural), e outras que non están circunscritas a algún ou ambos eidos, pero que tiveron unha notable repercusión neles. Dito doutro modo, hai proxectos pensados por e para as cooperativas culturais, outros orientados á creación de cooperativas pero non exclusivamente da esfera cultural, e tamén programas de apoio a empresas culturais que non se limitan ao perímetro da economía social. Nese sentido, distinguiremos entre iniciativas directas e indirectas.

INICIATIVAS DIRECTAS

Das iniciativas directas, salientaremos a traxectoria da Federación Andaluza de Cooperativas de Traballo Asociado, a Fundación Innoves, a figura da cooperativa cultural na lexislación portuguesa e as cooperativas de impulso empresarial recollidas na Lei andaluza.

FAECTA – CTMA

No ano 2005 a Federación Andaluza de Empresas Cooperativas de Traballo Asociado decide constituír unha sección interna dedicada ás cooperativas da cultura, turismo e medio ambiente (CTMA), na medida en que presentan importantes sinerxías entre si e comparten o feito de ser empresas que concentran "talento, innovación e creatividade". A primeira acción de CTMA é o deseño dun plan estratéxico para ese amplo subsector. En 2007, e co apoio da Junta de Andalucía, elaboran o estudo denominado "Caracterización do sector cultural da economía social". Un ano despois organizan o primeiro Congreso de Industrias Culturais de Economía Social, coa colaboración de CEPES Andalucía e da Fundación Innoves. Tamén en 2008 pechan un acordo coa sección de FAECTA

– Ensino para o fomento da intercooperación a través da organización de actividades extraescolares nos centros de ensino. Por este conxunto de actividades, FAECTA – CTMA queda finalista nos Premios á Excelencia Empresarial que convoca a Junta de Andalucía. En 2010 organizaron un "Curso de creación de empresas de base tecnolóxica e de base creativo cultural". Máis información en www.faecta.coop

Fundación INNOVES

Promovida por CEPES Andalucía e pola propia FAECTA, centra os seus esforzos no fomento da I+D empresarial para a economía social andaluza, "facendo fincapé na intercooperación e a internacionalización como factores de innovación". Divide o seu traballo en tres grandes áreas: cultura, enerxía e infantil. Un dos primeiros fitos da área cultural, no ano 2007, foi a creación do "Directorio de industrias culturais de economía social", co seu correspondente catálogo de produtos e servizos, e que agrupaba por entón a case 500 empresas, das que 184 eran cooperativas. Desde ese mesmo ano vén recibindo o respaldo da Axencia Andaluza das Industrias Culturais para a prestación dunha ampla gama de servizos (organización de actividades formativas, xornadas de divulgación, catálogos multimedia, presenza activa en feiras, redacción de informes e estudos, etc). Na súa web anuncian a sinatura dun convenio coa Consellería de Cultura andaluza para a realización dun curso de postgrao sobre xestión de empresas culturais de economía social. Máis información en <http://cultura.innoves.es>

As cooperativas culturais na lexislación portuguesa

Portugal conta desde 1981 cunha regulación específica para as cooperativas culturais (Decreto-Lei nº 313/81 de 19 de novembro), en resposta á necesidade de recoñecer o peso específico que a cultura tiña no movemento asociativo inicialmente e, que, co paso do tempo, pasou a desenvolver unha actividade económica suñible no campo da empresa. Esta lei abrangue as diferentes áreas da acción cultural (creatividade, difusión, información, dinamización e animación) e engloba, entre outras, a cooperativas cinematográficas, musicais, circenses, editoriais, de artes plásticas e xornalísticas. Para xuño de 2011, e con fontes de CASES (Cooperativa António Sérgio de Economía Social) e do Banco de Portugal, habería 302 cooperativas culturais activas no país veciño.

Cooperativas de impulso empresarial

É unha figura recente da lexislación andaluza (artigo 98 da Lei 14/2011 das Sociedades Cooperativas Andaluzas), a modo de variante especial das cooperativas de traballo asociado, e defínense como "as que teñen como obxecto social prioritario canalizar, no ámbito da súa organización, a iniciativa emprendedora dos seus socios mediante a orientación profesional e a provisión de habilidades empresariais precisas para o desenvolvemento de cada unha das súas actividades, a titorización das ditas actividades nos primeiros anos do seu exercicio ou a prestación de determinados servizos

comúns ás persoas socias que lles proporcione un ámbito onde desempeñar regularmente a súa actividade profesional". A pesar da súa relativa xuventude, resultan decisivas na prestación de cobertura legal e fiscal a emprendedores, autónomos discontinuos e, en xeral, traballadores por conta propia que facturan actividades puntuais, o que coincide de cheo con boa parte do colectivo artístico. Non en van, das catro primeiras cooperativas de impulso empresarial creadas, dúas son culturais (Smart Ibérica e InPulse), outra de arquitectos e enxeñeiros, e outra de xornalistas. As cooperativas de impulso empresarial xogan ao tempo un papel moi relevante na redución da economía mergullada.

Conviría coñecer ata que punto o éxito da fórmula se debe a algunha particularidade legislativa que se poida importar á realidade galega, ou ben ás liñas de apoio que a administración andaluza teña implementado para respaldalas.

INICIATIVAS INDIRECTAS

No que respecta ás iniciativas indirectas, dividirémolas en tres pequenos bloques, atendendo a súa distinta natureza: iniciativas de fomento do emprendemento, de financiamento e legislativas.

Iniciativas de emprendemento

Entre as dedicadas ao fomento do emprendemento cultural, e cunha forte pegada na xeración de empresas de economía social, destacaremos o Proyecto Lunar, o FOMECC e o Gabinete de Iniciativa Joven.

Proyecto Lunar

Trátase dunha iniciativa da Consellería de Innovación, Ciencia e Empresa da Junta de Andalucía para promover o emprendemento en cultura. O procedemento de traballo era o seguinte: 1) investigaban o potencial creativo dunha localidade, segundo a densidade de colectivos e iniciativas culturais; 2) de superar un certo limiar, constituían unha nova sede, coordinada por unha empresa cultural local; 3) mediante campañas proactivas e xuntanzas coas asociacións culturais do territorio, ofrecíase un servizo de asesoramento para transformar iniciativas culturais en empresas; 4) prestábaselle un apoio integral, con formación, consultarías e titorías; 5) os proxectos maduros derivábanse aos puntos CADE –Centros de apoio ao desenvolvemento empresarial, unha rede de incubadoras da Junta de Andalucía-. O seguimento de cada proxecto podía estenderse máis alá dos tres anos. En total chegaron a contabilizarse 160 sedes en Andalucía. Na sede de Sevilla acadáronse os 300 proxectos adheridos. Os mellores proxectos eran postos en común en eventos como o "Encuentro Lunar" ou o "Creativa 07", que contemplaban conferencias, obradoiros, roldas de negocio, entrega de premios, asesoramento especializado, etc. A xuízo dos expertos consultados, o "Proyecto Lunar" contiña varios elementos innovadores: a) era un proxecto mixto público – privado; b) identificaba

"zonas emblema" e "empresas tractoras" nun territorio, para a continuación propiciar a creación de rede empresarial local con miras á clusterización. Máis información en www.proyectolunar.com

FOMECC

Programa liderado por Interarts, co apoio da AECID (Axencia Española de Cooperación Internacional ao Desenvolvemento), realizado en Colombia, Honduras, Perú, Senegal e Níxer, e destinado a apoiar a creación de empresas culturais e creativas e a fortalecer as xa existentes, como factor de desenvolvemento social e económico das comunidades e de reforzo da diversidade cultural. Contemplaba tres grandes fases: 1) fase de sensibilización, formación e convocatoria de ideas de negocio; 2) fase de selección das iniciativas empresariais máis viables e con maior potencial de proxección exterior, así como de titorización do plan de empresa; 3) fase de creación de redes de traballo, contactos comerciais e alianzas produtivas. A través do FOMECC foron creadas unhas 120 empresas de artes escénicas, artes plásticas, artesanía, audiovisual, deseño e publicidade, editorial, moda, xestión cultural, música e son. Esta experiencia foi presentada como boa práctica en diferentes foros internacionais. Incluía a transferencia e intercambio de metodoloxías entre os diversos países implicados. Máis información en www.fomecc.org

Gabinete de Iniciativa Joven

O GIJ foi un ente promovido pola empresa E-Cultura Net e dependete da Presidencia da Junta de Extremadura. Moi orientado á mocidade e ao uso das novas tecnoloxías, perseguía "incorporar a capacidade de imaxinación, creación e innovación dos mozos aos grandes retos de progreso cultural e económico de Extremadura". Con esa finalidade, conformou un itinerario que incluía a recepción de ideas empresariais, artísticas ou sociais, a formación para os seus promotores, o asesoramento, a busca de clientes e o financiamento (créditos concertados con caixas de aforro e subvencións da Junta de Extremadura de até 30.000 € por proxecto, cun máximo de 50 anuais). Arredor dos proxectos do GIJ estiveron implicados centros de investigación, grupos empresariais, entidades financeiras e a SODIEX (Sociedade para o Desenvolvemento Industrial de Extremadura). No primeiro ano de vida recibiron unhas mil consultas e materializáronse máis de cen empresas ou ideas innovadoras. Algunhas das súas accións máis relevantes foron o concurso "Imagina Extremadura 2030" e obradoiros sobre creatividade e cultura do emprendemento, desde o ensino infantil até a etapa universitaria.

NYC Worker Cooperative Business Development Initiative

O maior apoio institucional ao mundo das cooperativas de traballo en Estados Unidos, cun orzamento de 1,2 millóns de dólares. Cómpre destacar que a maior parte das cooperativas culturais en Estados Unidos son "*workers owned*" (propiedade dos traballadores).

Con este programa, créase unha rede de apoio voluntario a pequenas iniciativas que precisan servizos, sendo un deles o asesoramento preciso para mudar ao modelo cooperativista. Neste sentido, a Asociación de Cooperativas de Traballo da cidade de Nova Iorque (New York City Network of Worker Cooperatives) presta servizos de coaching a empresarios que están pensando en retirarse para que trasladen a propiedade dos seus negocios aos seus traballadores, con forma de cooperativa.

Outras iniciativas de emprendemento: ademais dos exemplos anteditos, existen outras experiencias de fomento do emprendemento na cultura, en forma de incubadoras ou viveiros de empresas creativas, tal e como www.soitu.es (en Vigo), Vivernet (Estremadura) ou Creativity Zentrum (Bilbao). Este último é un centro privado que oferta espazos e infraestruturas de xestión para artistas e posúe a particularidade de procurar a atracción de investimentos privados e mecenados.

Iniciativas de financiamento

En canto ás iniciativas de financiamento, limitarémonos a sinalar tres casos: "Sou Mais", os microcréditos "Melkart" e as achegas reintegrables. Ningún deles son exclusivos para axentes culturais nin para empresas de economía social, se ben son propostas interesantes ás que se teñen acollido numerosas cooperativas e profesionais da creatividade.

Sou Mais:

É o programa nacional de microcrédito en Portugal, foi impulsado por CASES (Cooperativa António Sérgio de Economía Social) e o IEFP (Instituto de Emprego e Formación Profesional) e está dirixido a emprendedores, colectivos en risco de exclusión, microempresas e cooperativas de até dez traballadores. Ten un financiamento máximo por proxecto de 20.000 €. Especial orientación ás empresas de economía social. Máis información en www.sou-mais.org

Microcréditos "Melkart"

Promovidos pola Junta de Andalucía a través da súa sociedade de capital risco Invecaria, son préstamos a un 0'5% de interese, reservados a ideas innovadoras de empresas de base creativo – cultural ou tecnolóxica. Non precisa máis aval que o propio proxecto. Comprende desde empresas en fase de constitución até empresas en consolidación ou expansión.

Achegas reintegrables

Son axudas económicas en forma de cofinanciamento que permiten ás empresas culturais dispor de financiamento a priori para os seus proxectos. Outorgadas polo ICEC (Instituto Catalán das Empresas Culturais). Poden presentarse empresas cun mínimo de dous anos de vida que se

dediquen á produción, distribución e difusión de contidos culturais. O ICEC anticipa unha porcentaxe do orzamento presentado pola empresa e aceptado. As empresas deben retornar (sen intereses) obrigatoriamente unha parte do importe recibido, non a súa totalidade, pero en caso de non devolvelo íntegro non poden acceder á seguinte convocatoria. Máis info en www.gencat.cat/cultura/icec

Outras iniciativas financeiras:

Ademais das tres liñas mencionadas, non podemos esquecer o importante labor que realizan desde o ámbito das finanzas éticas, a cooperativa de crédito Fiare - Banca Etica e a cooperativa de servizos financeiros Coop57 á hora de financiar proxectos de economía social ou solidaria, sexan no eido cultural ou noutros. Mención á parte merece a Caixa Rural Galega, entidade financeira que leva operando en Galicia desde 1966, prestando apoio inicialmente ao sector agroalimentario e agora nun proceso de expansión cara outros ámbitos da actividade económica.

Iniciativas legislativas

No tocante ás iniciativas do ámbito legislativo, só imos engadir outra boa práctica: a das "régies cooperativas" de Portugal.

Régies Cooperativas: tamén denominadas cooperativas de interese público, son nomeadas polo Consello de Ministros. Están previstas no artigo 6 do Código Cooperativo, na versión da Lei 51/96, de 7 de decembro. Poden formar parte delas o Estado, municipios, rexións autónomas, empresas públicas, cooperativas, asociacións e usuarios. O obxectivo destas entidades mixtas público - privadas é a realización de actividades de interese público, "cubriendo áreas que xa non poden ser totalmente provistas polo Estado". Das 36 que existen en Portugal, 13 localízanse en Braga e 7 en Guimarães. Dous exemplos: a) a Cooperativa Praia Cultural é a entidade que aglutina toda a actividade cultural de Vila Praia da Vitória, dependendo da Cámara Municipal; b) a Cámara Municipal de Barcelos solicitou recentemente a creación dunha régie cooperativa para a xestión deportiva, educativa e cultural da vila. A entidade chamarase "Barcelos Cultura, Educação e Desporto" e contará cun capital social de 50.000 euros, 45.000 dos cales serán provistos polo Concello.

6.2. EXPERIENCIAS DE COLABORACIÓN ENTRE AXENTES CULTURAIS E COOPERATIVAS.

No capítulo dedicado á realidade actual do cooperativismo puidemos ver como algúns expertos salientaban as dificultades das cooperativas á hora de innovar e reclamaban un maior esforzo nesa dirección. E no capítulo referido á situación da cultura hoxe, constatamos como, a teor das presentes circunstancias, os artistas precisan diversificar os seus ingresos prestando novos

servizos a empresas, así como adquirir novas capacidades de xestión que lles permitan mellorar a viabilidade dos seus proxectos.

Pois ben, no seguinte apartado mostraremos algúns exemplos de colaboración comercial entre artistas e cooperativas, nos que os artistas, como profesionais da creatividade, imprimiron dinámicas de innovación nas empresas, sexa en termos de imaxe, márketing e comunicación social, de proceso produtivo, de clima laboral ou noutros ámbitos, pero en todo caso logrando melloras concretas que redundaron positivamente no funcionamento das cooperativas e nas súas contas de resultados.

Tamén neste apartado engadiremos unha breve mención a exemplos de intercooperación entre cooperativas culturais, ou destas con cooperativas doutros sectores, e que teñan sido exemplos útiles e virtuosos que lles teñan reportado mutuos beneficios.

De novo dividiremos as experiencias en dous grupos: as experiencias directas (entendidas como colaboración directa entre artistas e cooperativas) e experiencias indirectas (espazos que favorecen un maior coñecemento mutuo e colaboración entre ambos colectivos).

EXPERIENCIAS DIRECTAS

Das **experiencias directas**, salientaremos as de Orbea con Cocreable, a de Lauaxeta Ikastola con Mikel Morlas, a da Escola Técnica Superior de Mondragón con Platoniq, e xa en territorio galego, a de Feiraco co colectivo Polo Correo do Vento.

Orbea con Cocreable

Inscrito no marco do proxecto Conexiones Improbables levouse a cabo esta experiencia de colaboración entre a cooperativa Orbea, cun século de vida e 200 traballadores, e o colectivo de cocreación (participación e creatividade) Cocreable. Na experiencia implicáronse usuarios, distribuidores e traballadores de Orbea co obxectivo de mellorar o deseño dunha bicicleta. A través de sesións de traballo con formato lúdico en diferentes localizacións (Madrid, Barcelona e Donosti), procedeuse a unha choiva de ideas, a unha análise das necesidades do usuario e a un prototipado. Como resultado do proceso obtiveron un novo modelo de bicicleta, pero tamén información para unha campaña de comunicación específica para certo segmento de clientela. Máis información en <http://conexionesimprobables.es>

Lauaxeta Ikastola con Mikel Morlas

Tamén no marco de Conexiones Improbables realizouse este proxecto que aúna unha cooperativa de ensino nacida en 1977 e con 990 familias socias, xunto co artista Mikel Morlas. Tratouse de

involucrar o profesorado en liñas didácticas innovadoras, como a remodelación a fondo das clases (tanto en horarios como en estruturación temática), a adopción de novos servizos educativos ou a creación dunha revista en diferentes idiomas. Participaron un 25% dos profesores e xurdiron 14 propostas de cambio. Durante o proceso formouse aos profesores como emprendedores das súas propias ideas.

Escola Politécnica Superior de Mondragón con Platoniq

A Escola pertence á Universidade de Mondragón (e esta por vez a Mondragón Corporación Cooperativa) e Platoniq é un colectivo internacional de produtores culturais e programadores de software. Dentro da Escola, o Departamento de Innovación e Emprendemento quixo desenvolver novas ideas para estimular a creación de empresas. O proxecto resultante denominouse "Ideiazoka, mercado das ideas que rebotan", e desembocou nunha feira de ideas e solucións, retos e problemas, na que participaron cidadáns, investigadores universitarios e empresas. En paralelo, Platoniq deseñou un software para compartir recursos na Rede, o chamado "SOS" (Science of Sharing). O obxectivo final era a constitución dunha cooperativa de xestión e distribución local de ideas de negocio, e promover un movemento de innovación social na bisbarra. Máis info en: <http://www.youcoop.org/es/experiences/cat/4/p/13/ideiazoka-el-mercado-de-las-ideas-que-rebotan/>

Feiraco con Polo Correo do Vento:

A cooperativa do sector Lácteo Feiraco, fundada en 1968 e con 3.460 socios, decidiu lanzar unha campaña didáctica para os máis pequenos titulada "De onde vén o leite", para o cal contratou os servizos de Polo Correo do Vento, colectivo especializado no desenvolvemento da creatividade e da expresión artística das nenas e nenos. A campaña consistiu na elaboración de dous libros, na realización de sesións de contacontos, dirixidas a nenos de entre 3 a 9 anos, explicando aspectos técnicos e produtivos propios dunha granxa leiteira (o manexo dos animais, alimentación, hixiene e benestar) e en visitas ás explotacións nas que os pequenos tiveron a oportunidade de darlles de comer aos xatos recién nacidos. Participaron máis de 1.300 nenas e nenos de toda Galicia. Máis información en: <http://feiraco.es/ninos>

Outras experiencias directas:

A maiores destas catro experiencias, existen outros exemplos de colaboración e apoio á innovación por parte de artistas e creadores, como nas cooperativas Kaiku (alimentación), Seguros Lagun Aro ou Irizar (fabricación de vehículos).



Proxecto "De onde vén o leite", de Feiraco e Polo Correo do Vento

EXPERIENCIAS INDIRECTAS

Entre as **experiencias indirectas**, citaremos tres exemplos: I Encontro Internacional de Economía e Cultura, Culthunting e Teamlabs. En Gran Bretaña é habitual que as administracións públicas promovan o encontro e o coñecemento mutuo entre empresas e creadores dunha localidade, co fin de que acaden acordos de colaboración, sexa en forma de contratos comerciais ou patrocinios. Son os denominados "Arts & Business". Nas nosas fronteiras existen propostas incipientes neste senso, como os dous primeiros casos que agora presentamos.

I Encontro Internacional de Economía e Cultura

Promovido pola Fundación Cidade da Cultura de Galicia, o Encontro realizouse en 2012 en Santiago de Compostela, co reto de crear un espazo de encontro permanente entre o mundo da cultura e o da empresa. Ao longo de dúas xornadas, o complexo do Gaiás serviu de escenario para difundir entre os axentes culturais un catálogo de boas prácticas para promover a diversificación do financiamento dos seus proxectos e mellorar a súa capacidade de xestión, e entre as empresas doutros sectores as vantaxes e beneficios que para os seus negocios se derivan da colaboración con artistas e empresas da cultura. Contouse coa presenza de iniciativas de diferentes países que mostraron os beneficios desta unión, como a Royal Academy of Arts, a institución artística do Reino Unido que menos depende dos orzamentos públicos grazas ao seu departamento de *fundraising*, ou *Enthusiasmo Cultural*, axencia brasileira especializada en deseñar estratexias para a economía creativa, a cultura e o desenvolvemento, e que ten entre os seus clientes, gobernos, grandes empresas como BMW ou Nestlé e organismos como a Unesco. O obxectivo final do

Encontro foi contribuír ao desenvolvemento cultural de Galicia, á modernización do noso tecido empresarial e a unha máis efectiva inserción na sociedade do coñecemento. Asistiron unhas 100 persoas de diferentes países, e máis de 2.000 en liña, e supuxo un fito innovador para un cambio de modelo na cultura en España. Máis información en: <https://www.cidadedacultura.org/gl/evento/encontro-internacional-economia-e-cultura-2012>

Culthunting

Culthunting: seguindo a estela filosófica do Encontro, pero afondando na súa dimensión práctica e aplicada, a empresa aPortada está organizando en Barcelona diversas xornadas que agrupan artistas e directivos de empresa. Baixo a premisa de que a cultura pode ser "motor de innovación da empresa" celebraron dúas edicións do chamado Culthunting Day (en 2012 e 2013) nas que, a maiores de conferencias e mesas de diálogo, se mostran vinte ideas de artistas pensadas para achegar solucións á empresa. As ideas presentadas son plurais. En ocasións, parten da consideración de que a cultura dunha empresa pode ser un factor de cohesión e motivación dos traballadores, facilitando así o incremento da súa produtividade, e polo tanto propóñense accións de reforzo da identidade corporativa. Noutros casos, faise énfase na experiencia do consumidor, na inmersión sensorial nun determinado produto ou marca, e entón no papel da cultura á hora de singularizalo no mercado. Na última edición do Culthunting Day teñen rexistrado máis de 100 asistentes. Esta liña de traballo vén complementada por obradoiros máis específicos, denominados "Culthunting Lab". Máis información en: <http://www.culthunting.com/>

Teamlabs

As necesidades de formación en aspectos como o emprendemento, a innovación, o liderado ou a creatividade, tanto para empresas de economía social como para artistas e profesionais da cultura, aconsellan dar conta desta cooperativa, inscrita no grupo Mondragón, e que oferta en Madrid e Barcelona diferentes accións formativas, desde pequenas pílulas ate un grao completo ("Grao Universitario Internacional en Liderado Emprendedor e Innovación", empregando metodoloxías finesas baseadas no traballo en equipo e en aprender facendo. Máis información en: www.teamlabs.es

No que atinxe a exemplos de **intercooperación** nos que participan cooperativas culturais, deixaremos indicados os seguintes casos: Red CIE, Os Xoves de Códax, O Tendal e a asistencia conxunta de cooperativas culturais galegas a feiras, promovida por UGACOTA (Unión Galega de Cooperativas de Traballo Asociado).

Red CIE (Centros de Interpretación Etnográfica)

Unha cooperativa andaluza de segundo grao, vinculada á Fundación INNOVES e FAECTA, e que federa centros de interpretación, museos, empresas de hostalaría, de restauración, de turismo activo e de industrias culturais. Centrado en promover o emprendemento arredor do patrimonio cultural no rural andaluz. Máis información en www.faecta.coop

Os Xoves de Códax

Ciclo de concertos estivais de artistas galegos de renome e artistas convidados foráneos que se realizan na terraza – lounge da cooperativa Bodegas Martín Códax, en Cambados, baixo a produción da cooperativa cultural O Cable Inglés. O ciclo permítelles aos asistentes descubrir novas formas de sentir e vivir os viños da bodega nun enclave privilexiado, onde se divisa o Val do Salnés e a Ría de Arousa. En paralelo á celebración dos concertos, o ciclo oferta residencias artísticas aos músicos galegos, poñendo ao seu dispor as infraestruturas e soportes necesarios para a creación de obras e proxectos. A recadación pola venda de entradas é doada ás ONG e asociacións sen ánimo de lucro. Máis información en <http://www.martincodax.com/blog/evento/os-xoves-de-codax>

O Tendal

En datas recentes, catro cooperativas galegas do ámbito da consultaría social (Cidadanía, S. Coop. Galega), estudos de mercado (Marketing Tangible S. Coop. Galega), xestión cultural (O Cable Inglés, S. Coop. Galega) e informática (Ítaca Software S. Coop. Galega) decidiron mancomunar os seus servizos para ofrecer un asesoramento integral a clientes que queiran pór en marcha unha nova liña de negocio ou un novo produto. O nome desta iniciativa de intercooperación é "O Tendal" e presta servizos de análise de mercados, estratexias de márketing, deseño, comunicación, web e comercio electrónico. Orientado a toda clase de profesionais e empresas, pero con especial énfase a proxectos de economía social. Máis información en: <http://www.otendal.es/web/o-tendal>

Accións comerciais conxuntas das cooperativas culturais galegas: as cooperativas culturais de Galicia, co amparo e respaldo de UGACOTA e a Federación de Cooperativas SINERXÍA, teñen participado baixo un stand común en feiras sectoriais, como o Culturgal ou o Zinc Shower, xornadas e outros eventos, aforrando custos e gañando en visibilidade. Máis información en: <http://www.culturagalega.org/noticia.php?id=23552>



Concerto do ciclo "Os Xoves de Códax", realizado por O Cable Inglés na terraza das Bodegas Martín Códax

7. Recomendacións

Unha das primeiras conclusións que podemos tirar logo da elaboración do informe, e que chamou a atención dos seus redactores, son os **escasos materiais existentes** neste tema, as escasas publicacións ou foros de expertos sobre o potencial do cooperativismo para o traballo en cultura, e viceversa (o que a cultura pode achegar ao tecido cooperativo). Agardamos que esta modesta contribución sirva para estimular o debate.

Repasando as páxinas anteriores, podemos observar algunha das características específicas do sector cultural, tal e como a súa atomización empresarial, a temporalidade do seu emprego, a carencia de PEMES de dimensión intermedia ou a exposición aos vaivéns que experimenta o mercado, en parte debido ao papel preeminente que desempeñan as administracións públicas, sexan como clientes ou como promotoras. A economía social semella unha boa fórmula para asentar o sector cultural e dotalo de estabilidade, dado o hábito de traballo en rede dos axentes culturais e a súa maior empatía cos valores cooperativos que cos xerárquicos. Así mesmo, imponse unha maior **diversificación de ingresos** que, tamén en parte, pode provir da prestación de servizos creativos a empresas. Como puidemos comprobar, con frecuencia as cooperativas son receptivas a estas propostas.

Pola súa banda, do mundo cooperativista recibíamos o diagnóstico dunha certa dificultade para a innovación, condición indispensable para competir en mercados tan esixentes como os actuais. Os **axentes culturais están demostrando que poden axudar a inocular creatividade e innovación nas cooperativas**, sexa en termos de imaxe, de comunicación social, de procesos produtivos internos, de clima laboral ou de adaptación e aproveitamento das novas contornas tecnolóxicas. Como indicamos no capítulo introdutorio, están a xurdir multitude de iniciativas de emprendemento en cultura desde unha visión social da economía e un forte compoñente tecnolóxico (o que viñemos en agrupar baixo a etiqueta "cultura colaborativa", inspirada nos valores do software libre e do código aberto). Dá a impresión de que poderían ser aliados necesarios para unha máis fonda inserción da economía social na sociedade do coñecemento.

Polo tanto, e confirmando a hipótese inicial expresada na introdución, a cultura precisaría da cooperación para gañar en escala e abrir mercados, e o cooperativismo precisaría da innovación e creatividade para posicionarse ante o futuro.

Algunha das circunstancias e retos que comparten, grosso modo, o sector cultural e o mundo cooperativo, onde intersectan os seus universos, é na súa **orientación social** (primacía das persoas sobre o lucro), no seu enraizamento territorial e escasa deslocalización (máis acentuado nas cooperativas), na súa propensión a colaborar, sexa o traballo en rede da cultura ou a intercooperación na economía social, no difícil acceso a financiamento e na mellorable formación en emprendemento e xestión económica.

De cara a optimizar eses vínculos e parentelas e lograr unha maior compenetración entre ambas esferas, a cultural e a cooperativa, fóronse apuntando algunhas **medidas**:

- A primeira que destacaremos é a necesidade de deseñar **políticas conxuntas** desde os diferentes departamentos do ámbito institucional. Seguindo o exemplo andaluz, conviría concertar liñas de traballo en común desde a área cultural (AGADIC) e da economía social (Consellería de Traballo), coa concorrencia das unións de cooperativas e asociacións profesionais e empresariais da cultura. A presenza dalgún ente con competencias en financiamento empresarial (IGAPE) permitiría dotar de maior solidez e viabilidade as propostas resultantes.
- Tamén as **unións e federacións de cooperativas**, seguindo a estela do exemplo andaluz, poderían desenvolver un traballo propio de intensificación dos contactos co ámbito cultural, fomento da colaboración entre ambas esferas, promoción do cooperativismo naquel eido, abertura de liñas de intercooperación entre as cooperativas culturais, ou entre estas e cooperativas doutros sectores (en formato feira ou rolda de negocios), etc. UGACOTA e a Federación de Cooperativas SINERXIA xa teñen dado pasos nesa dirección. Ademais das liñas xa mencionadas no informe, desde Sinerxia estase fomentando o contacto co eido cultural a través de diversas accións, como a organización de xornadas de promoción do cooperativismo dirixidas a estudantes universitarios, ou a posta en marcha de obradoiros de dinamización cooperativa específicos para o eido cultural.
- Entre as accións que se desenvolven cabería destacar o lanzamento de **campañas de divulgación da economía social no ámbito cultural**, e comezar polos centros de ensino artístico. Unha das claves sería mostrar exemplos tanxibles, coa presenza de emprendedores que expliquen o seu itinerario empresarial. Outros ámbitos obxectivos para a difusión das campañas serían as asociacións e colectivos culturais (como en Proyecto Lunar) e o difuso mundo da cultura colaborativa, é dicir, espazos de *coworking*, comunidades dixitais creativas, etc. No caso particular de Galicia cumpriría estar atento ao mesteo tecido asociativo do noso rural e das nosas vilas. Iniciativas de protección do patrimonio, de recuperación de folclore e tradicións, e en xeral de posta en valor da etnografía local, poderían ser un excelente caldo de cultivo para a promoción do cooperativismo, en liña coa experiencia andaluza da "Red CIE". Non en van, moitas cooperativas culturais teñen xurdido a partir de asociacións previas.
- Tamén se podería seguir a senda das liñas de emprendemento citadas no informe, prestando un **servizo integral de apoio aos emprendedores**. Tomando de novo como exemplo o Proyecto Lunar, non se debera agardar pasivamente a que se vaian conformando iniciativas de cooperativismo cultural, senón que habería que diagnosticar o potencial cooperativo en sectores, territorios, comunidades dixitais, colectivos e espazos culturais, para a continuación realizar campañas informativas entre eses públicos, ofrecer servizos de formación, identificación de oportunidades de negocio, elaboración do plan de empresa, financiamento, aloxamento e

seguimento nos primeiros exercicios, e finalmente fomentar a creación de redes empresariais locais e clústers.

- Nun hipotético apartado financeiro, habería que **desenvolver desde as administracións públicas produtos financeiros de risco para a cultura**, xa que a banca convencional non os ofrece. Dese modo se podería minorar a dependencia dos axentes culturais da subvención pública. Na SODEC do Quebec, a homóloga da AGADIC galega, existe unha comisión temática sobre financiamento das empresas culturais que dispón dun pequeno banco para créditos e avais. Outras iniciativas financeiras axustadas ás necesidades do cooperativismo cultural poderían ser os microcréditos (como nos casos de Sou Mais ou Melkart) ou as achegas reintegrables (como no ICEC catalán). Por fortuna, o mundo cooperativo ten as súas propias ferramentas, como FIARE ou COOP57, aínda que cunha dimensión modesta que non lle permite afrontar todos os requirimentos financeiros das entidades culturais.
- En canto ao **ámbito legislativo**, destacan tres exemplos: o recoñecemento na lexislación portuguesa das especificidades das cooperativas culturais, a existencia de cooperativas público – privadas, tamén en Portugal, para a provisión de servizos de utilidade pública (as chamadas Régies Cooperativas) e a recente creación da figura da cooperativa de impulso empresarial en Andalucía, e que tan bos froitos está xerando.
- Pero tamén habería que incorporar propostas relativas ao **fomento da creatividade nas cooperativas mediante a colaboración con axentes culturais**. Nese sentido, algunha caste de convocatoria (premio ou bolsa) á innovación cooperativa, con estadias de profesionais das artes e a creación para desenvolver un proxecto tanxible de mellora, podería ser un excelente acicate que propiciase un maior coñecemento mutuo entre ambos mundos.
- E vistas as necesidades formativas de ambos mundos, fundamentalmente en áreas como o emprendemento, a xestión empresarial e a innovación, non se debería descartar a **posta en marcha de programas formativos específicos**, como os impulsados por FAECTA e a Fundación Innoves en Andalucía.

Amén das propostas xenéricas que acabamos de enunciado, existen algunhas outras **suxeridas polas cooperativas culturais galegas** no cuestionario que lles remitimos no seu día. Son as seguintes (omitimos aquelas xa incorporadas na relación anterior):

- Axudas específicas ao cooperativismo cultural.
- Asesoramento profesional en xestión cultural e xestión empresarial.
- Formación en xestión cultural.
- Contratación pública prioritaria das cooperativas.

- Creación dunha cooperativa de segundo grao para estimular a colaboración entre cooperativas culturais, deseñar programacións conxuntas, impulsar circuitos, etc.
- Realizar feiras da economía social.
- Promover a intercooperación entre cooperativas culturais e doutros sectores.

E finalizamos cunha **reflexión**. O control do mercado cultural de masas por grandes grupos multinacionais que perseguen unha determinada taxa de ganancia deixa ocios sen atender para proxectos de proximidade que coiden e impliquen aos públicos. Tanto os pequenos proxectos de economía social como os axentes culturais locais poden aproveitar esa oportunidade, velando de paso pola diversidade cultural. Obviamente, isto non obsta para que desde a cultura e a economía social se poidan acometer proxectos de gran dimensión orzamentaria e de escala internacional. Simplemente deixamos constancia de que existe un mercado potencial e unha conxuntura que, con apoios intelixentes e selectivos, pode ser propicia para a creación de riqueza e emprego. E a alianza entre cultura e cooperativismo pode ser a chave mestra que sosteña unha estratexia a ese respecto.

8. Agradecimientos

Para a realización deste estudo contouse coas estimables achegas das seguintes persoas e entidades, ás que a equipa de redacción quere agradecer especialmente:

- ABACUS
- Agustín Mendiola, ERKIDE, Federación de Cooperativas de Trabajo Asociado, Enseñanza y Crédito de Euskadi
- Alberto Ponti
- Alexandra Fonseca, ConsulArte, Assessoria Legal
- Alfredo Vela, IESMED (Innovació i Economia Social em la Mediterrània)
- Ana Lorenzo, Cidadanía, S. Coop. Galega
- Ángel Mestres, Tránsit Projectes
- Cristina Salvador, aPortada
- CASES (Cooperativa António Sérgio para a Economia Social)
- Carlos Rey, REAS (Red de Economía Alternativa y Solidaria)
- Éduard Miralles, Fundació Interarts
- Esteban González, FIARE Galiza
- Felipe G. Gil, Zemos 98
- Félix Lozano, Teamlabs
- Floren Cabello, Universidad de Málaga
- Jaron Rowan
- Javier Brun, Fundació Interarts
- Jordi Marí, IESMED (Innovació i Economia Social em la Mediterrània)
- José Luis Henarejos, CEPES
- José María Lama, + Magín
- Manuel Adame, FIARE Galiza
- Mar Osuna Vargas, CreaCultuLabs
- Mar Pernas, UGACOTA
- Marian Abrines, aPortada
- Óscar García Jurado, COOP57 Andalucía
- Pilar López Alves de Amorín, SINERXIA
- Pilar Alves, Sinerxia
- Raimón Gassiot Ballbé, Coop57 Catalunya
- Ramón Carmelo Rodríguez Padín, Sinerxia
- Remedios Aceña, HISPACOOOP
- Roberto Gómez de la Iglesia, c2+i
- Susana Marques, Setepés
- Xavier Marcé, Focus

Anexos

A. Directorio de cooperativas culturais

B. Fontes de información

C. Notas metodológicas

A. Directorio

nome	país	CCAA	web	tipo coop
ARTES ESCÉNICAS				
A BARRACA	PORTUGAL		www.abarraca.com	CRL
ASTRAGALI TEATRO – EUFONIA SCRL	ITALIA		http://www.astragali.org	TRABALLO ASOCIADO
CERCHIO DI GESSO	ITALIA		http://www.cerchiodigesso.it/	TRABALLO ASOCIADO
CIRCOLANDO	PORTUGAL		http://www.circolando.com	CRL
COMPANYIA D'ESPECTACLES PA SUCAT	ESPAÑA	CATALUÑA	http://www.pasucat.cat/la-companyia	
COOP CULTURELLE DU VIEUX-BELOEIL	CANADÁ		http://coopvieuxbeloeil.org/	SERVIZOS
COOPERATIVA CULTURALE IL MACELLO	SAN MARINO		http://www.associazionedonchisciotte.org/collegamenti/macello.htm	
COOPERATIVA DE TEATRO	BRASIL		http://www.cooperivadeteatro.com.br	
COOPERATIVE ASSOCIATION FOR ARTS AND EDUCATION – KHAYAL	LÍBANO		http://www.khayal.org/en/	TRABALLO ASOCIADO
GARAJISTANBUL	TURQUÍA		http://www.garajistanbul.org/	TRABALLO ASOCIADO
KOREJA SOC. COOP. A R. L.	ITALIA		http://www.teatrokoreja.com	TRABALLO ASOCIADO
L'ESTAQUIROT TEATRE	ESPAÑA	CATALUÑA	mailto:estaquirot@estaquirot.com	
SANAGUSTIN KULTURGUNEA	ESPAÑA	EUSKADI	http://www.sanagustinkulturgunea.net	
SHAMS	LÍBANO		www.shamslb.org	SD
TEATRO O BANDO	PORTUGAL		http://www.obando.pt/pt/	
TERRE DE PAROLES	ESPAÑA	CATALUÑA	http://www.terredeparoles.coop/	
TRAD BALLS	PORTUGAL		http://www.tradballs.pt/	
ARTES PLÁSTICAS				
AK LICH	ALEMANIA		http://kulturgenossenschaft-lich.de/chronologie-der-genossenschaftsgrundungstand-122012/ak-kulturgenossenschaft-lich/	TRABALLO ASOCIADO
CITY ART	ESTADOS UNIDOS		http://www.cityartgallery.org	SERVIZOS
CITY ARTS COOPERATIVE	ESTADOS UNIDOS		http://www.cityartscooperative.com/	SD
FORUMBOX	FINLANDIA		http://www.forumbox.fi/en	TRABALLO ASOCIADO
HISTORIETISTAS Y ARTES VISUALES	MÉXICO		http://www.lacoperacha.org.mx/historietistas.php	TRABALLO ASOCIADO
KULTUR GENOSSENSCHAFT	ALEMANIA		http://www.kulturgenossenschaft.de/de	TRABALLO ASOCIADO
THE SHOPPE BX	ESTADOS UNIDOS		http://theshoppebx.com	TRABALLO ASOCIADO
TINGATINGA	TANZANIA		http://www.tingatinga.org/	
AUDIOVISUAL				
ÁFRICA MOSTRA-SE – MOSTRA DE CINEMA E CULTURA AFRICANA (EN CONSTRUCCIÓN)	PORTUGAL		http://ppl.com.pt/pt/prj/africamostrase2014	TRABALLO ASOCIADO
CHISPEROS DEL SUR	ARXENTINA		http://i4076.wix.com/chisperosdelsur	TRABALLO ASOCIADO
CINEMA QUERFELD	SUIZA		http://www.querfeld-basel.ch/cinema-querfeld/	SD
CLARABOIA	ESPAÑA	CATALUÑA	http://www.claraboia.coop	TRABALLO ASOCIADO

Cooperativismo e cultura: unha alianza necesaria

nome	país	CCAA	web	tipo coop
COOP VIDÉO DE MONTRÉAL	CANADÁ		http://www.coopvideo.ca/	
DRAC MÀGIC CULTURA AUDIOVISUAL	ESPAÑA	CATALUÑA	http://www.dracmagic.cat/ca/qui-som/	SD
ISLAND MEDIA ARTS COOPERATIVE	CANADÁ		http://islandmedia.pe.ca/	
KAMA COOPERATIVA	ITALIA			
M, 30 M ARTE Y ENTRETENIMIENTO	ESPAÑA	ANDALUCÍA	http://www.m30m.com	
MEERKATMEDIA	ESTADOS UNIDOS		http://meerkatmedia.org/	TRABALLO ASOCIADO
MISTOS	ESPAÑA	COMUNITAT VALENCIANA	http://www.mistos.es	TRABALLO ASOCIADO
PHOTON	BRASIL		http://photoncooperativacultural.wordpress.com/	TRABALLO ASOCIADO
PRODUCCIONES NECESARIAS	ESPAÑA		http://www.produccionesnecesarias.com/	TRABALLO ASOCIADO
STOCKSY	CANADÁ		http://www.stocksy.com/	TRABALLO ASOCIADO
THE FILM MAKERS COOEPRATIVE	ESTADOS UNIDOS		http://film-makerscoop.com/	SD
DESEÑO E COMUNICACIÓN				
LEFT HAND MEDIA COOP	CANADÁ		http://lhmc.ca	TRABALLO ASOCIADO
BRIERWOOD DESIGN	CANADÁ		http://www.brierwooddesign.com/	
ARTEMAN KOMUNIKAZIOA	ESPAÑA	EUSKADI	http://arteman.org/es/	
EDITORIAL				
A INVERTA - COOPERATIVA DE TRABALHADORES EM SERVIÇOS EDITORIAIS E NOTICIOSOS LTDA	BRASIL		http://inverta.org/cooperativa	TRABALLO ASOCIADO
BLUE STOCKINGS	ESTADOS UNIDOS		http://bluestockings.com/	TRABALLO ASOCIADO
COMMONWEALTH BRAILLE & TALK COOPERATIVE	CANADÁ		http://www.cbtbc.org/	SERVIZOS
CULTURA21 - TIGRE DE PAPER EDICIONS	ESPAÑA	CATALUÑA	http://www.tigredepaper.cat	TRABALLO ASOCIADO
CULTURE PRINT	PORTUGAL		http://www.cultureprint.pt.vu/	SD
FIERCE INK PRESS	CANADÁ		http://fierceinkpress.com	
LA BONDIOLA	ARXENTINA		http://www.labondiola.com/bienvenidos.cfm	TRABALLO ASOCIADO
LA CIUTAT INVISIBLE	ESPAÑA	CATALUÑA	http://laciutatinvisible.coop/	TRABALLO ASOCIADO
LA EXTRA-VAGANTE LIBROS	ESPAÑA	ANDALUCÍA	http://www.laextravagante.com/	TRABALLO ASOCIADO
MALVERN BOOK COOPERATIVE	REINO UNIDO		http://malvernbook.coop/	SERVIZOS
OUTRO MODO - COOPERATIVA CULTURAL, CRL	PORTUGAL		http://pt.mondediplo.com/spip.php?article70	TRABALLO ASOCIADO
TALLER LEÑATEROS	MÉXICO		http://www.tallerlenateros.com/	TRABALLO ASOCIADO
THE BIG IDEA BOOKSTORE	ESTADOS UNIDOS		http://thebigideapgh.wordpress.com/	SERVIZOS
THE CULTURE CO-OP	ESTADOS UNIDOS		http://www.cultureco-op.com/	TRABALLO ASOCIADO
THE OBERLIN BOOK COOPERATIVE	ESTADOS UNIDOS		http://www.bookcoop.org/	SERVIZOS

Cooperativismo e cultura: unha alianza necesaria

nome	país	CCAA	web	tipo coop
TINTA INVISIBLE EDICIONS	ESPAÑA	CATALUÑA	http://www.gravat.com/ca/qui-som	TRABALLO ASOCIADO
UMBRELLA BOOK COOPERATIVE	REINO UNIDO		http://www.umbrellabookcoop.co.uk/	TRABALLO ASOCIADO
WASHINGTON COUNTY COOPERATIVE LIBRARY SERVICES	ESTADOS UNIDOS		http://www.wccls.org	SERVIZOS
GASTRONOMÍA				
WOMEN'S AGROTURISM COOPERATIVE OF VARVARA	GR		http://en.mountathosarea.org/portfolio-posts/dryades-womens-agrotourism-cooperative-of-varvara/	TRABALLO ASOCIADO
MODA				
COOPERATIVA DE DISEÑO	ARXENTINA		http://www.cooperativadedisenio.com/	TRABALLO ASOCIADO
ROYAH DESIGNS	AFGANISTÁN		http://www.royah.org/	TRABALLO ASOCIADO
MÚSICA				
BLOCK RECORDING CLUB	CANADÁ		http://www.blocksblocksblocks.com/	TRABALLO ASOCIADO
COOPERATIVA DE MÚSICA	BRASIL		www.cooperativademusica.com.br	
CULTURE COOPERATIVE UULU	FINLANDIA		http://www.uulu.fi/en	TRABALLO ASOCIADO
DEEP ROOTS MUSIC COOPERATIVE	CANADÁ		http://www.deeprootsmusic.ca/cooperative.php	TRABALLO ASOCIADO
EL ABRIDOR	ARXENTINA		www.elabridor.com.ar	TRABALLO ASOCIADO
INTERNEXTERNE	FRANCIA		http://www.internexterne.org/LEX/	
KATXIPORRETA KOOP. ELK.	ESPAÑA	EUSKADI	http://www.katxiporreta.com/	
MILTON KEYNES MUSIC COOPERATIVE	REINO UNIDO		http://www.mkmusiccoop.com/	TRABALLO ASOCIADO
MUSICAT	ESPAÑA	CATALUÑA	http://www.musicat.cat/	
PRAPAGANDA-PEL-FET	ESPAÑA	CATALUÑA	http://www.propaganda-pel-fet.cat	
RYTMISKE AFTENSKOLE	DINAMARCA		http://www.rytmiskcenter.dk/	
SERVISO, S.C.C.L.	ESPAÑA	CATALUÑA	http://www.webserviso.com	TRABALLO ASOCIADO
TRES BRANQUES	ESPAÑA	CATALUÑA	http://www.tresbranques.cat	TRABALLO ASOCIADO
VISUAL SONORA	ESPAÑA	CATALUÑA	http://www.visualsonora.cat/	TRABALLO ASOCIADO
PATRIMONIO				
ANTROPOLOGICA, SOCIEDAD COOPERATIVA ANDALUZA	ESPAÑA	ANDALUCÍA	http://www.antropologica.net/	
COOPERATIVA CULTURAL ROCAGUINARDA	ESPAÑA	CATALUÑA	http://rocaguinarda.org/	TRABALLO ASOCIADO
COOPÉRATIVE DE DÉVELOPPEMENT CULTUREL ET PATRIMONIAL DE MONT-CARMEL	CANADÁ			
RECOOP	MALEMANIAT		http://www.recoop.com.mt/	SERVIZOS

Cooperativismo e cultura: unha alianza necesaria

nome	país	CCAA	web	tipo coop
SOCIOCULTURAL				
ELECTRIC PICTURE HOUSE ARTISTS COOPERATIVE	REINO UNIDO		http://www.electricpicturehouse.com	
RECREA	ESPAÑA	ANDALUCÍA	http://www.gruporecrea.es/	
SANTS.COOP	ESPAÑA	CATALUÑA	http://sants.coop	
VARIOS				
ARROW SEED	CANADÁ		http://arrowseed.ca/services/	
ART[O] LA COOP CRÉATIVE	CANADÁ		http://www.cooparto.com/	
ARTIST RESIDENCE KATTILAKOSKI	FINLANDIA		http://artistresidencekattilakoski.wordpress.com/	
BISTRO IN VIVO	CANADÁ		http://www.bistroinvivo.coop/	TRABALLO ASOCIADO
CAFÉ CAMBIO COOPÉRATIVE DE TRAVAIL	CANADÁ		http://cooplesousbois.wordpress.com/	
CÓDIGO CULTURAL	ESPAÑA		http://www.codigocultural.org	
COOP BREIZH	FRANCIA		http://www.coop-breizh.fr/index.php	
COOPERATIVA CULTURAL DE FÃO	PORTUGAL			
COOPERATIVA CULTURAL LA BONDIOLA	ARXENTINA		http://www.labondiola.com/bienvenidos.cfm	
COOPERATIVA CULTURAL POPULAR BARREIRENSE, C.R.L.	PORTUGAL			
COOPERATIVA CULTURALE LA CANTINA DELLE ARTI	ITALIA		http://www.lacantinadellearti.it	
CULTURA 03	ESPAÑA	CATALUÑA	http://www.cultura03.com/	GRUPO DE COOPERATIVAS
EPICERIE COOPÉRATIVE, CULTURELLE ET SOLIDAIRE	FRANCIA		http://www.lechampcommun.fr/	
L'ATELIER À SPECTACLE	FRANCIA			
LA CAE CLARA	FRANCIA		http://www.cae-clara.fr/home	TRABALLO ASOCIADO
LA COOPÉRATIVE DES TRAVAILLEURS ET TRAVAILLEUSES DU CAFÉ CAMPUS	CANADÁ		http://www.cafecampus.com/	TRABALLO ASOCIADO
LA COOPÉRATIVE MÉDUSE	CANADÁ		http://www.meduse.org/fr/	
LA ESPIRAL	CUBA			TRABALLO ASOCIADO
LA MOTA EDICIONES	ESPAÑA	ANDALUCÍA	http://lamotaediciones.wordpress.com	
LA SELECTA	ECUADOR		http://www.laselecta.org	ENSEÑO
LLIBRERIA LA GRALLA	ESPAÑA	CATALUÑA	http://www.librerialagralla.cat/	TRABALLO ASOCIADO
MANDACARU COOPERATIVA DE INTERVENÇÃO SOCIAL E CULTURAL	PORTUGAL		http://coop-mandacaru.blogspot.com.es/p/contactos_04.html	
PRIMA FOLIA - COOPERATIVA CULTURAL, CRL	PORTUGAL		http://www.primafolia.blogspot.com/	
RARA	REINO UNIDO		http://r-a-r-a.com	TRABALLO ASOCIADO

Cooperativismo e cultura: unha alianza necesaria

nome	país	CCAA	web	tipo coop
SMARTFR. COOPÉRATIVE DE GESTION DE PROJETS ARTISTIQUES ET CULTURELS	FRANCIA		http://www.smartfr.fr	SERVIZOS
SOM ESPECTACLES CULTURAL BERGUEDANA, SCCL.	ESPAÑA	CATALUÑA		TRABALLO ASOCIADO
TRAMALLOL	ESPAÑA		http://www.tramallol.cc/	
TUMAST (COOPÉRATIVE POUR LA PROMOTION ET LA SAUVEGARDE DU PATRIMOINE CULTUREL MATÉRIEL ET IMMATÉRIEL TOUAREG)	MALI		http://tumast.com/objectif/	
UTOPIAN	ESPAÑA	EUSKADI	http://www.utopiangetxo.com	
XESTIÓN CULTURAL				
ARTEFACTS	FRANCIA		http://artefacts.coop/	TRABALLO ASOCIADO
ARTEZ	ESPAÑA	EUSKADI	http://www.artez.net	
CENTRO CULTURAL DE LA COOPERACIÓN FLOREAL GORINI	ARXENTINA		http://www.centrocultural.coop	
COOPÉRATIVE CULTURELLE MULTIMÉDIA JAMANA	MALI			
FACCENDO ESTRATEGIAS CULTURALES	ESPAÑA	ANDALUCÍA	http://faccendo.net/	
GESTO COOPERATIVA CULTURAL	PORTUGAL		http://www.gesto-coop-cultural.pt/	
INPULSE	ESPAÑA	ANDALUCÍA	http://www.inpulse.pro/	COOPERATIVA DE IMPULSO EMPRESARIAL
LA BASE - COOPÉRATIVE CULTURELLE	FRANCIA		http://www.groupeanonyme.org/la-base	
PROMOTORA CULTURAL ARTGENT - ESPA ST3	ESPAÑA	CATALUÑA	http://artgentcultura.com/	
SASSAFRAS CENTER	ESTADOS UNIDOS		http://www.cooperativeculture.org	ENSEÑO
COOPERATIVA CULTURAL ROSARIO	ARXENTINA		http://cooperativaculturalrosario.blogspot.com.es/	
COOPÉRATIVE DE SOLIDARITÉ CULTURELLE DU VIEUX-BELOEIL	FRANCIA		http://coopvieuxbeloeil.org/	
NEDJMA	ALXERIA		http://www.orientement.com/l238-les-compagnons-de-nedjma.html	

B. Fontes de información

Fontes de información

- Anna Lindh Foundation
- Arts and Business
- Arts Council
- Asociación de Mujeres Empresarias Cooperativas de Andalucía
- Canadian worker coop-federation
- Condereraçao Cooperativa Portuguesa
- Consello Galego de Cooperativas
- Cooperativa António Sérgio para a Economía Social (CASES)
- Cooperative News
- Cooperatives de Treball de Catalunya
- European Research Institute on Cooperative and Social Enterprises
- Federación de Cooperativas de Trabajo Asociado, Enseñanza y Crédito de Euskadi – ERKIDE
- Ford Foundation
- Innoves Cultura
- International Co-operative Alliance
- Lab for Culture
- NYC Worker Cooperative Business Association
- Portal de Economía Solidaria
- Ranking de empresas de Economía Social. Confederación Empresarial Española de Economía Social – CEPES
- The Cooperative
- The US Small Business Administration
- UGACOTA
- UK Coop
- Coopmunicando
- Intercooperar

Artigos de interese:

- Libro Branco do Cooperativismo en Galicia, Consello da Cultura Galega
http://www.cooperativasdegalicia.com/imagenes/descargas/200406171705060.Libro_Blanco_Cooperativas.pdf
- Exploring The Co-Operative Economy
http://euricse.eu/sites/euricse.eu/files/wcm2013_web_0.pdf

- CEPES. Cuadernos De Economía Social
http://www.cepes.es/publicacion_cepes=73
- NY Times
http://www.nytimes.com/2014/04/20/opinion/sunday/a-way-for-artists-to-live.html?_r=0
- Por que traballar cunha galería cooperativa?
<http://www.reddotblog.com/wordpress/index.php/worthwhile-showing-art-co-op-gallery/>
- Cooperland
http://wiki.cooperland.org/index.php?title=Main_Page
- Manual do Cooperado. Cooperativa Cultural Brasileira
http://www.coopcultural.org.br/web/emanager/documentos/upload_/Manual%20do%20Cooperado.pdf
- Historias Cooperativas (BRASIL)
http://srvrepositorio.brasilcooperativo.coop.br/arquivos/GECOM/historias_cooperacao_2014.pdf
- Cooperativa Paulista de Teatro (Brasil)
<http://www.cooperivadeteatro.com.br/cooperativas-culturais-agora-estao-isentas-de-pisconfins/>
- Passado e presente do cooperativismo português. Regime Jurídico (João Salazar Leite, 2011)
http://www.cases.pt/0_content/actividades/Seminar_confer/conferencia_argentina.pdf
- El cooperativismo en Galicia (Xunta de Galicia, 2012)
http://www.cooperativasdegalicia.com/docs/Cooperativismo_GAL_final_web_121026.pdf
- Guía de promoción do cooperativismo cultural (Federación de Cooperativas SINERXIA)
<http://www.cooperamais.org/index.php/es/estudos-do-proxecto-coopera/finish/83-dcoumentacion-tematica-complementaria/360-guia-de-promocion-do-cooperativismo-cultural/0>
- Cooperativas de Galicia: Informe de Síntese 2010 (María Rosario Babío Arcay e Manuel Jordán Rodríguez, 2013; Xunta de Galicia)
http://www.cooperativasdegalicia.com/pesga/docs/sintese/Informe_cooperativas_2010_marcadores_.pdf

- Legislaçã de Cooperativas. Coletãnea Histãrica (CASES, 2012)
<http://www.bibliotecaantoniosergio.pt/legislacao.html>
- Manual de Cooperativismo e Autoemprego (Consello Galego de Cooperativas)
http://www.cooperativasdegalicia.com/docs/Manual_autoemprego.pdf
- Consellería de Traballo e Benestar. Memoria 2013 (Xunta de Galicia, 2014)
http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Memoria_2013.pdf
- O sector cultural en Galicia: entre a penuria das polítimas e a adolescencia dos mercados (Marcos Lorenzo, en "INFORME GALICIA 2010": Atlãntica de Informaçã e Comunicaçã de Galicia, 2010)
<http://enseres.files.wordpress.com/2013/09/cultura-informe-galicia-2010.pdf>
- Contexto e dinãmica cultural de Galicia (Marcos Lorenzo, en revista Grial, nã 194: Editorial Galaxia, 2012)
<http://enseres.files.wordpress.com/2013/09/12-1-marcos-lorenzo-grial-194.pdf>
- Las cooperativas culturales: entre el arte y la rentabilidad. Estudio de las cooperativas juveniles de bellas artes en Puerto Rico (Ruth E. Torres Hernãndez, 2011)
https://www.academia.edu/4272854/Tesis_Completa_Ruth
- Cooperativas de Interesse Pãblico em Portugal (Joã Salazar Leite, 2011; CASES)
http://www.cases.pt/0_content/actividades/doutrina/cooperativas_de_interesse_publico_em_portugal.pdf
- Economía Social, Nuevos Yacimientos de Empleo y Desarrollo Local (Dir: Roberto Gãmez de la Iglesia, 2002; Xabide)
- Música para camaleones. El black album de la sostenibilidad cultural (Dir: Ãngel Mestres, 2012; Trãnsit Projectes)
http://issuu.com/transitprojectes/docs/9-mpc_bookcompleto_baja
- Innovaçã en cultura: una aproximaçã crítima a la genealogía y usos del concepto (Clara Piazuolo Lamote de Grignon, 2008; YProductions)
http://www.conexionesimprobables.es/docs/LIT_INNOVACION%20EN%20CULTURA_YP_final.pdf

- Emprendizajes en cultura. Discursos, instituciones y contradicciones de la empresarialidad cultural (Jaron Rowan, 2010; Traficantes de Sueños)
<http://www.traficantes.net/sites/default/files/pdfs/Emprendizajes%20en%20cultura-TdS.pdf>
- Manifiesto Crowd. La empresa y la inteligencia de las multitudes (Antonio Gutiérrez – Rubí, Juan Freire, 2013; Laboratorio de Tendencias)
http://www.gutierrez-rubi.es/wp-content/uploads/2013/03/manifiesto_crowd.pdf

C. Notas metodolóxicas

Na realización deste estudo puidemos dar conta das seguintes circunstancias:

- Dispersión e heteroxeneidade das fontes de información. Existencia de multitude de directorios, espazos webs xeralistas, pero escasa especialización no eido cultural.
- Moitos proxectos e iniciativas culturais non visibilizan a súa "condición cooperativista" senón que este elemento hai que buscalo ou consúltalo expresamente.
- Diferentes concepcións do cooperativismo entre países e rexións, o que supón diferentes tipoloxías de cooperativas. En USA faise referencia a "*artists cooperative*" cando en realidade é unha asociación ou grupo de persoas sen entidade xurídica. Neste sentido, hai moitos espazos artísticos autodenominados "cooperatives" pero que non está claro se **realou** formalmente o son, como as *artists led companies*. Por exemplo, en Oriente e Asia, especialmente, cooperativismo cultural está moi ligado a desenvolvemento socioeconómico.
- Variedade de servizos e oferta no eido cultural, o que presenta certas dificultades á hora de delimitar o estudo; por iso, veuse preciso acotar na medida do posible os sectores que hai que ter en conta na selección de boas prácticas, xa que os límites moitas veces non están claros.
- Moitas cooperativas contan con financiamento procedente de fondos europeos; cando remata un programa específico, **os** proxectos non teñen continuidade.

galego

